



anda!na

52

revista galega de pensamento feminista
2/2009 prezo: 5 euros

- 03 Denuncias e comentarios**
- 09 28 de xuño, Día do Orgullo LGBT**
- 12 Aconfesionalidade, laicismo, laicidade**
Marisa González Seoane
- 15 Parellas adolescentes**
Miren Izarra Pérez / María Jesús Pinto / Lidia Arroyo Prieto
- [DOSSIER] **20 A loita polo dereito ao aborto, un piar na construción do feminismo galego**
Nanina Santos
- 28 Campaña da Marcha Mundial das Mulleres «En defensa do dereito ao aborto, na sanidade pública! Eu decido!»**
Marcha Mundial das Mulleres
- 31 Aborto libre, de que liberdade falamos?**
Isaura Graña
- 33 Polo dereito ao aborto**
Outras Voces Feministas
- 36 En contra da utilización ideolóxica dos feitos científicos**
- 37 O uso do preservativo nos medios de comunicación**
IVE
- 39 «Se ofrece gallega...»**
Patricia Arias Chachero
- [CINE] **43 Mostra Internacional de Cine de Mulleres de Barcelona**
Ana Arellano
- [EXPOSICIÓNS] **45 Sexualidade(s) e representación das políticas LGBTQ na arte**
Anxela Caramés
- 49 Ruth Matilda Anderson. Unha mirada de antano**
María Saa
- [LEMBRANZAS] **50 O obradoiro de peletería de Mari**
Anna Amorós i Pons
- [LIBROS] **52 Coraxe de Marías: Tres mulleres galegas de armas tomar**
Laura Gómez Lorenzo
- 53 Homosexualidade e familia**
NS

Revista Galega de Pensamento Feminista
Segundo cuatrimestre, 2009
Apdo. 1058 Santiago de Compostela
www.andainamulleres.org
andaina@andainamulleres.org

Consello de redacción
Nadia Álvarez Fernández
Ana Arellano
Patricia Arias Chachero
Celia Balboa Guerra
Dalila Dopazo
Zélia Garcia
Laura Gómez Lorenzo
Pilar Pérez Rey
Saleta de Salvador
Nanina Santos
Iria Vázquez
Estrela Villaverde

Colaboran neste número
Marisa González Seoane
Miren Izarra Pérez
María Jesús Pinto
Lidia Arroyo Prieto
Nanina Santos
Marcha Mundial das Mulleres
Isaura Graña
Outras Voces Feministas
IVE
Patricia Arias Chachero
Ana Arellano
Anxela Caramés
María Saa
Anna Amorós i Pons
Laura Gómez Lorenzo
NS

Deseño gráfico: Cebra
Imprime: Grafisant, S.L.
D.L.: C-1.146-88



Elena Poniatowska

A comezos de maio a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) nomeou a **Elena Poniatowska**, «Escritora Galega Universal 2009» facéndolle entrega o 6 de maio, no Pazo de Fonseca de Compostela, dunha escultura e o 9 de maio da pluma estilográfica que a acredita como «Escritora Galega Universal», no hotel Porta do Camiño.

Escritora, activista política, xornalista comprometida e respectada pola intelectualidade mexicana obtén este recoñecemento singular, o de Escritora Galega Universal. Congratulémonos.

Haberá que poñer nesta lista tamén a dona Emilia Pardo Bazán, a quen boa parte da intelectualidade galega non só non recoñece como escritora galega, senón que a ten repudiado como tal. Coa estatura de dona Emilia! Non somos un país de estrañezas? ■

Chicken a la Carte

O documental chamado *Chicken a la Carte* foi seleccionado como o mellor entre 32.000 vídeos concursantes en Alemaña. Dura 6 minutos e paga a pena velo completo. <http://www.cultureunplugged.com/play/1081/Chicken-a-la-Carte> ■

Sección Femenina de Falange Española

A memoria histórica tamén é lembrar as lindezas nas que teimaron en educarnos. Lembrarnos daquelas mozas obrigadas a ser pulidas pola **Sección Femenina de Falange Española** dirixida por Pilar Primo de Rivera.

Queredes reter un trío de ideas luminosas?

- ▶ «Todos os días deberíamos dar grazas a Deus por ternos privado á maioría das mulleres do don da palabra, porque se o tivéssemos, quen sabe se caeríamos na vaidade de exhibilo nas prazas».
- ▶ «As mulleres nunca descubren nada; fálalles o talento creador reservado por Deus para intelixencias masculinas».
- ▶ «A vida de toda muller, malia canto ela queira simular –ou disimular– non é máis que un eterno desexo de encontrar a quen someterse».

Que tal vos quedou o corpiño? E non esquezades tamén que era ela, unha *ela*, a que predicaba estas lindezas nas que habían de formarnos ás rapazas e mozas daquela España gris, opresiva, represora e misóxina ■

«**Imos a Europa. Vés?**» acompañando o bonito retrato de Ana Miranda.

Imos a Europa no interrail? A dar un paseo pola Selva Negra? A acompañar a Ana Miranda?

Non mo tomen a mal... ou si, pero esta teima dos publicistas políticos de NON DICIR NADA nos seus slogans electorais ponme dos nervios.

Non vou gastar tempo coas formacións políticas coas que nada teño que ver, así que me tomo traballos coas cousas que me interesan.

Esa consigna... verdade que serviría para calquera anuncio turístico, medio de transporte, becas Erasmus e seguramente poderíamos seguir dicindo?

Que era o que quería dicirnos o BNG para que nos animásemos a darlles o noso voto nesta ocasión?

Algunha idea en particular? ■





Margarita Ledo traspassa a porta, outrora blindada, da Academia

Dous días despois de cumprir 58 anos, **Margarita Ledo Andión**, nacida en Palas de Rei, leu o 7 de febreiro o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, onde sentou na cadeira que deixou o bispo Miguel Anxo Araújo. Nesa institución, pouco dinámica e poboada de señores, só sentan catro mulleres (Luz Pozo Garza, Xohana Torres, Olga Gallego e Rosario Álvarez), as que agora vén sumarse Margarita Ledo.

Os nosos parabéns e desexos de contribuír a unha maior vitalidade e dinamismo ■

O Partido Pirata sueco gañou un parlamentar nas eleccións europeas. **Christian Engström** manifestou: «agora mesmo é un grande pracer ser un pirata». De piratas e piratería habería un cacho para falar. Coa piratería montouse o capitalismo inglés o seu reinado nos mares. Coa piratería os nórdicos de *in illo tempore* saquearon vilas polas costas que se puxeron a tiro, o mesmo que fixeron séculos máis tarde os turcos. Aos pobres piratas somalís os piratas poderosos non lles deixan sitio para enriquecerse un chisco e a piratería

Umoja

Umoja é o nome da aldea fundada por Rebecca Lolosoli preto da Reserva Nacional de Samburu en Kenya. Comezou nun outeiro cunha ducia de casañas de palla e lama nunha rexión de grande beleza. Alí instaláronse mulleres que decidiron abandonar os seus fogares. Todas foran violadas por soldados ingleses, abandonadas polos seus maridos e desterradas da comunidade segundo unha lei moi común para este *tipo de cousas* que converten á vítima en culpable.

Alí instaláronse, alí comezaron a refacer as súas vidas, alí decidiron que ningún home sería admitido e que a aldea se chamaría Umoja que na súa lingua, o suahili, quere dicir unidade.

O florecemento económico (moi centrado na artesanía, pola que debece o turismo) meteu cobiza aos varóns –maridos desleitados–, que logo de atacar a aldea a pedradas, decidiron copiar as receitas económicas das habitantes de Umoja.

Rebecca Lolosoli, activista, alentou ás mulleres das aldeas veciñas da rexión de Samburu a defender os seus dereitos e a non aceptar relacións sexuais cun marido violento ou polígamo.

«Na nosa comunidade a muller non é nada. Non se ten a posibilidade de falar fronte aos homes nin responderlles, teñan ou non razón». Porén... o exemplo de Umoja e de Rebecca Lolosoli está mudando a vida de mulleres concretas e espallando un exemplo de valor e de vida ■

organizada legalmente das SGAES de aquí e de alí... tampouco permiten que haxa máis piratas ca eles. E así vai a cousa... e, eu con Christian Engström, agora mesmo é un pracer ser pirata, dos que tentan que os grandes piratas non limiten o noso acceso á información, ao intercambio, ao coñecemento, ao pracer e á diversión ■

denuncias e comentarios

De mulleres a xénero

Desde que nos converteron en xénero!

Si, pola graza dunhas e doutros, as mulleres deixamos de ser mulleres e pasamos a ser xénero. *O xénero* por excelencia. Cando o concepto de xénero comezou asomar nos estudos feministas e pasou á rúa, sinaladamente da man do feminismo, falábase desa construción social e cultural que nos converte en homes e mulleres cun particular sentido do masculino e do feminino.

Logo... xa se foi convertendo en coloquial e aparecía o xénero por *doquier*. Ben ou mal, xénero para todo. Cando falamos de violencia, a violencia de xénero, só é referida aos homes que pegan a mulleres. Se unha muller bate no home nunha relacións de parella... Ca! Iso non é violencia de xénero. É un concepto equivocado. E que dicir dunha muller que bate na súa parella e ela é muller? Non, iso tampouco.

A sentenza dun xulgado de Santander que condenou a unha muller a sete meses de cárcere por bater na súa esposa foi cualificada por Miguel Lorente, delegado do Goberno para a Violencia de Xénero, como erro xudicial. Insistiu: a violencia de xénero é por definición **«a que exerce o home sobre a muller»**.

Vistes! Nosoutras, antes as segundonas, as outras, as inexistentes e agora... agora o xénero.

Non será o xénero idiota? ■




Laura Bugallo foi detida o 27 de maio e retida por 50 horas na comisaria por defender os dereitos de

traballadores inmigrantes ao tentar regularizar a súa situación no noso país baixo acusación de «falsidade documental».

Colectivos e persoas solidarizaronse con ela esixindo a súa liberdade.

Laura agradeceu emocionada os apoios recibidos por organizacións moi diversas e de distintas partes. É certo que *Muitas Lauras precisa este país!!!* ■

(Fotos tomadas da páxina de Maribolheras Precárias)



O dereito das persoas inmigrantes

Sumámonos á manifestación celebrada o 27 de xuño en Santiago de Compostela na que se reclama «o dereito das persoas inmigrantes como partícipes activas desta sociedade, coa condición de cidadás e cos mesmos dereitos e oportuni-

dades que os demais membros desta comunidade».

Aproveitamos para lembrar algo tan básico como dereitos iguais para todas.

Reproducimos e aplaudimos as reivindicacións: «Rexeitamos o Anteproxecto de Reforma da Lei de Estranxeiría que, aínda que presenta algúns aspectos positivos, incorpora puntos que representan un claro prexuízo para os dereitos fundamentais do colectivo inmigrante, como a posibilidade da repatriación de menores de idade, o endurecemento das esixencias para o reagrupamento familiar, a criminalización da solidariedade ou o intolerable incremento do período de estancia nos centros de internamento.

Rexeitamos de igual modo a incentivación do retorno da poboación inmigrante mediante o pago acumulado das prestacións de desemprego. As inmigrantes deben ser tratadas como persoas e non só como forza de traballo que interesa unicamente cando a situación económica o precisa.

Finalmente, afirmamos con rotundidade que a inmigración é un proceso beneficioso. Non só supón unha gran achega económica por tratarse dunha poboación moi nova que contribúe co seu esforzo laboral a financiar as prestacións sociais, senón que o contacto entre as sociedades de acollida e as culturas foráneas implica sempre un mutuo enriquecemento humano» ■





Erika Lust

Naceu en Estocolmo (Suecia) en 1977, país no que se licenciou en Ciencias Políticas, especializándose en Feminismo (Universidade de Lund). Desde o ano 2000 reside en Barcelona. É co-fundadora de Lust Films,¹ produtora audiovisual, experta en cultura sexual e xornalista.

Entre a súa produción: *The Good Girl* (2004); *Cinco historias para ellas*, estreado en abril de 2007. Este filme obtivo o Premio ao Mellor Guión no Festival de Cine Erótico de Barcelona (2007), Mellor Película para Mulleres en Venus Berlín (2007), Mención de Honra do Público en CineKink Nova York (2008) e Mellor Película do Ano nos Feminist Porn Awards de Toronto (2008). En 2008 dirixiu *Barcelona Sex Project*, película experimental erótica. Prepara unha nova película, *Seis voces femeninas*. As súas posicións sobre o porno están expresadas no manifesto que podedes ver no seu blog e que vos reproducimos polo seu interese ■

¹ *Lust Films & Publications of Barcelona* É unha produtora editorial e audiovisual de lecer para adultos cun enfoque moderno, feminino e feminista, con sede en Barcelona. Nos seus *sites* atoparás información e trailers das súas películas, podes follear os libros e revistas que editan e informarte sobre os próximos proxectos.

MANIFESTO

Por un novo cine explícito, intelixente, feminino e feminista

Aquí estamos, por fin as mulleres temos chegado para cambiar o porno. No novo cine para adultas quero ver a mulleres decidindo como nos representan: quero ver a mulleres sendo mulleres, mulleres coma ti e coma min, mulleres con sentimentos, educación, profesións, nais, casadas, divorciadas, solteiras, amantes, mozas, adultas, delgadas, con curvas, sempre gozando da súa sexualidade e gozando as situacións sexuais que se presentan nas películas.

A sexualidade das mulleres é forte na súa expresión, quizais iso preocupe a algúns homes, quizais prefiren pensar que só as *guarras*, as prostitutas e as *calentorras* son sexualmente atractivas, e que o resto de mulleres son seres inocentes. A moi poucos homes lles gusta pensar na sexualidade das súas nais, irmáns ou fillas. E é que todas somos seres sexuais, non só as Jennas Jamesons.

Non penso sentarme e agardar a que a industria da pornografía reaccione, e que ela mesma re-avalíe as súas crenzas básicas arraigadas sobre a sexualidade feminina. Se non o facemos nós, eles non o farán.

denuncias e comentarios

Atención! A nosa sociedade tende a ignorar o porno, a consideralo algo privado que non interfere noutros aspectos da vida. E non é certo, hai que ter coidado porque o porno non é só porno, é un discurso, un xeito de falar sobre sexo. É un xeito de ver e entender o masculino e o feminino. Pero é un discurso e unha teoría case 100% masculina (e moitas veces machista), non hai voces femininas nese discurso, igual que até non hai moito non había voces femininas na esfera política ou nos comités de dirección da empresa privada.

Así como creo que as mulleres temos dereito a gozar do cine adulto, penso tamén que debemos reivindicar a nosa participación no contido deste discurso. Temos que ser creadoras: guionistas, produtoras, directoras...

Acabo de ser nai hai pouco tempo, e penso que me gustaría que a miña filla, cando estea exposta ao cine adulto, na súa adolescencia, reciba mensaxes positivas sobre a sexualidade, con valores e discursos femininos. Non quero que lle expliquen a través do cine explícito como é o mundo do sexo; sexan Rocco, Nacho, Marc Dorcel, *Private*, *Penthouse*. Non desexo establecer unha censura feminista no mundo adulto, eles seguirán expresando sempre o seu punto de vista, que acepto e respecto, só quero que non sexa o único punto de vista, quero un porno onde haxa diversidade de opinións.

Hoxe en día vivimos nunha sociedade que (gústenos ou non) está *pornificada*. O porno está moi presente en Internet, entrou nos medios de comunicación masivos, saíu do armario escuro onde se encontraba. Neste contexto é moi importante que as mulleres sexamos críticas con este fenómeno. Os valores que transmite o porno deben ser analizados e cuestionados por nosoutras permanentemente.

Durante a explosión do movemento feminista nos anos sesenta e setenta, criticábanse os valores machistas que o cine e a publicidade axudaban a perpetuar. Hoxe debemos facer o mesmo co cine x, mulleres. Non podemos ignoralo e pensar que non é importante, xa que só o miran homes. Porque aínda que fose así, o que eles ven e aprenden no porno aféctanos tamén a nosoutras. Moitos deles entenden e interpretan a sexualidade feminina a través do porno.

Creo que si as mulleres participamos no discurso da pornografía teremos diante de nós unha excelente oportunidade para explicar aos homes a nosa sexualidade de xeito moi explícito e gráfico. Que mellor ocasión imos ter para axudarlles a entender algo que todas sabemos que a moitos lles custa comprender? ■

Erika Lust

A prostitución non implica *per se* condicións laborais indignas.

Unha **sentenza do Tribunal Supremo** sobre a prostitución resulta máis que interesante ao afirmar que «a cuestión da prostitución voluntaria en condicións que non supoñan coacción, engano, violencia ou sometemento, ben por conta propia ou dependendo dun terceiro que establece unhas condicións que non conculquen os dereitos dos traballadores, non pode solventarse con enfoques morais ou concepcións ético-sociolóxicas, xa que afectan a aspectos da vontade [das mulleres] que non poden ser coartados polo dereito sen maiores matizacións».

Domingo Fernández e Gilda Borges rexentaban dous clubs de alterne e prostitución en Vigo (Mamba Negra e Skorpio). Tiñan, ademais, participación no Sheraton, en Verín. Traían mozas de Brasil para que traballasen como prostitutas nos seus locais. Non había engano na actividade que ían desempeñar. Pagábanlles a pasaxe e amañaban os papeis para pasar a fronteira como turistas. Unha vez aquí, impúñanlles as normas de funcionamento dos locais e fixaban horarios e prezos das copas e servizos sexuais.

Os clientes pagaban aos camareiros. Ao final da noite, entregábase ás mozas a parte correspondente, cando a había. Os meses que tardaban en pagar a débeda da viaxe, as mulleres non cobraban nada, e a cantidade que debían podía medrar polo sistema de multas instaurado polos donos (sancións económicas por chegar tarde ao traballo, falar alto, dar o número de teléfono aos clientes, saír sen permiso). Ademais, as prostitutas tiñan a obriga de residir nos locais e aboar un prezo polo aloxamento e a comida.

A Audiencia Provincial de Pontevedra condenounos a seis anos de cárcere por tráfico ilegal de persoas con fins de explotación sexual e a dous e medio por un delito contra os dereitos dos traballadores. O Tribunal Supremo agora ratificou a primeira pena pero absolveunos do segundo delito. A sentenza di que as súas condicións de traballo, as multas por chegar tarde e por alzar a voz «están normalmente sancionadas» no mundo da hostalería e que as outras condicións «resultan normais».

O alto tribunal afirma que «á marxe de razóns de moralidade», a prostitución por conta allea pode «ser considerada como unha actividade económica que, se se presta en condicións aceptables polo Estatuto dos Traballadores, non pode ser incardinada no delito 312 do Código Penal, que castiga aos que ofrecen condicións de traballo enganosas ou falsas ou empregan a cidadáns estranxeiros en condicións que prexudiquen, supriman ou restrinxan os dereitos que tivesen recoñecidos por disposicións legais, convenios colectivos ou contrato individual» ■

denuncias e comentarios

1ª Xornada de deporte feminino

O domingo, 14 de xuño celebrouse na Coruña a 1ª xornada de deporte feminino na rúa, organizado por MUDEGÁ (mulleres deportistas galegas) e o concello. Ademais das exhibicións das deportistas federadas durante toda a mañá, os clubs animaron ao público a participar nas diversas actividades deportivas.

Concedéronse tamén os primeiros premios ás pioneiras do deporte coruñés:

Gañadoras dos I Trofeos Pioneiras do Deporte Coruñés:

► Ángela Rodríguez Piñón (baloncesto)

Xogadora dos 3 clubs que tivo A Coruña en División de Honra (Medina, Tabacalera e Autopistas Compañía de María) / Mellor Xogadora Provincial, temporada 1984/85 / Adestradora Autopistas División de Honra Feminina / Adestradora «Programa Infantil Feminino», FEB 1991/92 / Mellor Deportista Galega, temporada 1993 / Medalla de Ouro, campioa de Europa coa Selección Española Absoluta, Perugia (Italia), 1993 / Medalla de Prata, campioa de Europa coa Selección Española Júnior, Bulgaria, 1994 / Adestradora Selección Sénior Promesas, Biescas (Huesca), 1995

► Mari Carmen Rubio (hockey herba e sala)

Xogadora-porteira do Santa Lucía de hockey herba e sala / 5 veces campioa de España / 3 veces

subcampioa / Seleccionadora galega sub-18 masculina
Seleccionadora galega sub-16 feminina / Adestradora do Hércules e Adaxe masculino e feminino

► Lis Franco (fútbol e fútbol sala)

Xogadora e máxima goleadora do Karbo Deportivo / 5 veces campioa de España / Internacional Absoluta Seleccionadora galega de fútbol sala feminino / Campioa da Copa da Raíña de fútbol sala feminino Xornalista deportiva

► Ángeles Barreiro (atletismo-lanzadora)

Campioa de España de lanzamento de disco entre os anos 1982 e 1993 ininterrompidamente / En 1992 logra a que aínda hoxe é a mellor marca española, 60,56 metros / Mundialista en Tokio 91 / Olímpica en Barcelona 92 / Participou en 8 Xogos Iberoamericanos / 40 veces internacional absoluta

► María Vieites (balonmán)

Xogadora do Medina provincial 71-74 / Xogadora do Medina Nacional de División de Honra de 1974 a 1982 / Xogadora do Oar Ciudad de División de Honra 1982-83 / Mellor xogadora provincial os anos 1976 e 1977 / Ouro nos Xogos do Cantábrico / 10 veces internacional absoluta

Na páxina de igualdade (<http://igualdadecoruna.blogspot.com>) e na de MUDEGÁ (<http://mudega.es>) podeades encontrar máis información, fotos e vídeos sobre o tema ■

Aínda que os xornais falan sempre en primeira plana de fútbol e de deportistas varóns, é destacable, de vez en vez a presenza de deportistas galegas con importantes éxitos en atletismo, vela, campo a través, remo, baloncesto, alpinismo... Aquí tedes a unhas mozas merecentes de sitio nas nosas páxinas: Marta Fernández, campioa galega de campo a través; M^a Xesús Xestido, campioa de España de maratón; Lara Lagoa, unha das grandes promesas do windsurf; Sandra Mosquera, campioa de España júnior de campo a través; Margarita Cameselle, campioa de España na modalidade de Match Race feminino. Por fin, tamén se vai celebrar a **I Liga de remo feminina** que arrincará o 11 de xullo no Grove. Catro traíñeiras representando a Gipúscoa, Biscaia, Galicia e Cataluña van disputar a I Liga Euskotren ■



O 28 de xuño, Día do orgullo LGTB

O 28-X é un día de autoafirmación na nosa diversidade e de reivindicación de igualdade, tamén é unha xornada de reivindicación de dereitos e de recoñecemento igualitario para as lesbianas, gays, bisexuais e transexuais (LGTB).

É moito o que se conseguiu en dereitos e igual trato, pero queda bastante por facer. Segundo o informe *Jóvenes LGTB 2009*, o 56,2% desta mocidade sufriu violencia no seu centro de estudos. O 22%, no interior da familia. Case a metade dos/das mozos/as enquisados/as considera negativa a actitude da súa familia ou do centro educativo.

A educación sexual, materia pendente podería e debería ser un instrumento necesario para mellorar a capacidade de comunicación e goce que é a sexualidade.





MANI FESTA ACCOM
LIBERTAGOM TRANSMARIBOLHERA
PARTICIPAM:
 AA.VV. Acorchados Monte Adu, Asociación Galega para a Saúde Sexual * ACOBIR Castro
 C.S. Alreú * C.S. Gomes Dalgas * C.S. Pirovito * Cocorinos * Colectivo Mochas
 Cooperativa de consumo responsable Zocumilica * Ferrasera * Fundación Artista
 L.S.O. Casa das Mochas * Larchas * Maribolheras Placarias * Mujeres Transgénero
 ManiFestaFregues * preSOB * Proxecto Denfba * Rede de Direitos Sociais
 Trasmundo * Unión Libertaria * Universidade Inicial

O profesorado, ao igual que a familia, ten unha responsabilidade central non desempeño desta tarefa educativa. Sen embargo, a cativa educación que se imparte está excesivamente nesgada cara a medos (a enfermidades ou embarazos non desexados), a prexuízos (ridiculización de gais, lesbianas ou transexuais) e a tabús ante determinadas prácticas sexuais.

A educación sexual debe orientarse a fortalecer a autonomía persoal de mozas e mozos para poder gozar do sexo con máis liberdade e responsabilidade, acordando o que se desexa e non se desexa con liberdade e respecto; tratándose como iguais e tendo presente un límite moi importante: non facer dano ás outras persoas nin a un mesmo.

Educar nesa pluralidade non vai facer que os adolescentes se volvan LGTB, porén si que quen teña esa opción ou sentimento poida expresarse con liberdade e se sinta menos só



Unha boa educación é o mellor xeito de previr riscos. Sen embargo, ignorar esta dimensión humana como fan algúns centros educativos e familias, negándose a falar de sexo, é un erro que só pode contribuír a acrecentar os problemas.

Educar nesa pluralidade non vai facer que os adolescentes se volvan LGTB, porén si que quen teña esa opción ou sentimento poida expresarse con liberdade e se sinta menos só. Permitirá tamén que quen teñan curiosidade poidan experimentar sen medo. Contribuirá a consolidar valores democráticos como a liberdade, a tolerancia e a igualdade, favorecendo a libre elección para desenvolverse e para gozar dunha faceta tan pracenteira como as relacións sexuais e afectivas.



Educar nesa pluralidade implica:

- ▶ Visibilizar a parellas homosexuais, por exemplo, a persoas bisexuais e transexuais nos libros de texto, materiais didácticos, etc.
- ▶ Que o profesorado non presupoña a heterosexualidade do alumnado nin sancione condutas que non se correspondan cos ríxidos modelos de xénero existentes.
- ▶ Que se esixa e practique o respecto, desterrando da escola mitos ou insultos contra persoas LGTB que contribúen á súa estigmatización.
- ▶ Que o profesorado se forme e poida explicar ao alumnado que é orientación sexual, identidade de xénero e todas as súas posibles variantes, desmontando mitos, estereotipos e falsas crenzas sobre as vivencias sexuais e afectivas...

Imaxes da *mani festa açom da libeartaçom transmaribolhera* (cortesía de Maribolheras Precárias)



Aconfesionalidade, laicismo, laicidade

MARISA GONZÁLEZ SEOANE

Aconfesionalidade: Falta de adscrición ou vinculación a calquera confesión relixiosa. (versión galega do termo *aconfesionalidad* recollido no *Diccionario* da Real Academia Española)

Laicismo: Doutrina que defende a independencia do home ou da sociedade, e máis particularmente do Estado, respecto de calquera organización relixiosa. (versión galega do termo *laicismo* recollido no *Diccionario* da Real Academia Española)

Laicidade: Principio fundamental de liberdade espiritual e de igualdade. (Henri Peña-Ruiz)

Segundo unha sentenza do Tribunal Supremo dos EE. UU. relacionada coa educación relixiosa nas escolas públicas e en horario escolar, a aconfesionalidade do Estado implica que este debe absterse de unirse a funcións do goberno coas das confesións relixiosas e non soamente tratar a todas estas por igual. Que a un rapaz se lle ofrezca unha alternativa non confesional non elimina a influencia exercida pola escola en materias sagradas á conciencia e que están fóra das súas competencias.



Aos rapaces que pertencen a estas confesións se lles estará inculcando un sentimento de diferenciación, cando a escola debe ser un lugar de adestramento para os hábitos da comunidade...

A Constitución dos EE. UU. prohibe que o Goberno, común a toda a súa cidadanía, se involucre, incluso inocentemente, nos destrutivos conflitos relixiosos sobre os cales a historia, incluso neste país, rexistra algunhas páxinas negras.

No seu famoso capítulo, «¿Quién debe construir la moral?», a filósofa e escritora Adela Cortina sinala que nunha sociedade democrática convive xente con moi diferentes ideais. E que son esas persoas as encargadas de construír a moral cívica, é dicir, o que é moralmente correcto e o que non o é. Nunha sociedade democrática os políticos son elixidos para tomar decisións políticas, non para tomar decisións morais, pois iso é cousa da cidadanía. Por iso tamén repele ás consciencias democráticas, a eses valores con pretensión de universalidade, ese *ir de la mano* e apoiar con todos os medios ao seu alcance, a versión moral da Igrexa católica, a da súa xerarquía, que decote e ante asuntos que só incumben aos seus dogmas e á súa moral pretende estender á acción do Goberno (caso da despenalización do aborto, prazos). Neste ámbito eclesiástico non intervén o pacto nin a negociación, se teñen que saír ás rúas a manifestarse, fano, como estratexia para tratar de impoñer, a toda á cidadanía no seu conxunto, os seus valores. Hai pois, unha aterradora pretensión de gobernar a cidadáns cando só están lexitimados para facer recomendacións e expor o seu catecismo e dogmas aos seus fieis ou a aqueles outros seres que se lles acheguen. A cidadanía dos países occidentais saímos do vasalaxe da Igrexa e esta, nun Estado como o noso, no cal se impuxo pola forza, «iglesia única y verdadera», aínda presenta unha forte resistencia.

O artigo 16.3 do texto constitucional di que «ningunha confesión terá carácter estatal. Os poderes públi-

«Todos os cidadáns –en palabras de Francisco Bustelo, ex reitor da UCM e profesor emérito de Historia Económica na mesma unviersidade–, sexan cales fosen as nosas crenzas, aportamos *velis nolis*, a través dos impostos, o noso óbolo a unha determinada relixión e só a ela»



LAICIDADE

REPÚBLICA e LAICIDADE
asociación cívica

cos terán en conta as crenzas relixiosas da sociedade española e manterán as conseguíntes relacións de cooperación coa Igrexa católica e as demais confesións».

Que o Estado é aconfesional e non *laico* o demostra este artigo, xa que o laicismo favorece, en palabras de Henri Peña-Ruiz, aquilo que resulta de interese xeral, á vez que promove, xunto á autonomía moral e intelectual das persoas, a liberdade de conciencia e a plena igualdade dos seus dereitos, sen discriminación de sexo, orixe ou convicción espiritual. E é aconfesional o Estado porque o artigo 16 da Constitución obrou en detrimento do laicismo ao privilexiar á relixión católica. Así, a Igrexa goza dun trato de favor, cun financiamento público aumentado polo actual Goberno socialista.

«Todos os cidadáns –en palabras de Francisco Bustelo, ex reitor da UCM e profesor emérito de Historia Económica na mesma unviersidade–, sexan cales fosen as nosas crenzas, aportamos *velis nolis*, a través dos impostos, o noso óbo-

lo a unha determinada relixión e só a ela» e isto está rifado co laicismo. Na introdución ao artigo «La laicidad como principio fundamental de libertad espiritual y de igualdad», o autor francés Henri Peña-Ruiz equipara laicidad a igualdade. Esta igualdade supón a *neutralidade* confesional do Estado e das institucións públicas para que todos, crentes e non crentes, poidamos ser tratados sen privilexios nin estigmatizacións. Resulta pois, paradoxal esta desigualdade de trato e este financiamento económico a unha Igrexa, a unha relixión, das moitas que hoxe existen en España.

Hai outros autores, como Bustelo, que avogan pola supresión das subvencións estatais á Igrexa, «deixando, en cambio, que na declaración fiscal da renda se poida indicar nun cadradiño, como xa ocorre agora, o desexo de facer unha achega. Isto require que tarde ou cedo haxa tamén cadradiños para outras relixións, xa que o laicismo esixe que todas as que teñen presenza nun país reciban o mesmo trato».

**A laicidade deixa á Igrexa ao marxe do poder,
pero iso non quere dicir que o crente estea
desprotexido nas sociedades democráticas modernas
pola liberdade ideolóxica e relixiosa e polas institucións
e procedementos dunha democracia laica**

A Igrexa católica española manifesta unha animadversión aos valores democráticos, de forma tan descarada que nun artigo publicado o 19 de setembro do 2007, en *El País*, Gregorio Peces-Barba manifestaba o que segue: «[...] resulta sorprendente comparar esa actitude coa das Igrexas protestantes, que asumiron sen reticencias a modernidade e a secularización e que conviven comodamente en situacións de laicidade, e mesmo de Igrexas católicas nacionais, como a francesa ou a alemá, con esa actitude que lembra as condenas dos documentos pontificios de século XIX, antiliberais e antiilustrados. [...] Os xuristas rexios franceses, os chamados políticos, lanzaban un slogan para afastar aos teólogos dos problemas temporais: “Silete, theologi in munere alieno” (“Calade, teólogos en poder alleo”). [...] “Sapere aude!” (“Tede valor de servirvos do voso propio entendemento!”). Velaquí –continúa Peces-Barba– o lema da ilustración: “A persoa recupera o control das luces, secuestradas pola teoloxía [...]”».

A laicidade deixa á Igrexa ao marxe do poder, pero iso non quere dicir que o crente estea desprotexido nas sociedades democráticas modernas pola liberdade ideolóxica e relixiosa e polas institucións e procedementos dunha democracia laica. A laicidade supón o respecto para aquelas persoas que profesen calquera relixión. Ao contrario, institucións relixiosas con visións integristas, abundantes no mundo católico, non respectan ao non crente e intentan impoñerse á autonomía da vontade do individuo pretendendo marcar pautas de comportamento xeral.

A laicidade é unha garantía da neutralidade do Estado no tema relixioso,



do pluralismo, dos dereitos e liberdades e da participación de todos.

Bonifacio de la Cuadra conclúe nun artigo que tivo ampla difusión en España e na súa organización política –PSOE– que o laicismo debe ser un dos obxectivos do Goberno, cuxo logro redundaría en beneficio de todos e tamén da propia Igrexa.

O laicismo –di Henri Peña-Ruiz– non é unha particularidade accidental da historia de Francia, senón unha conquista de alcance universal que debemos preservar e promover. A laicidade transcende as diversas opcións espirituais, recordando aos homes que a humanidade é *unha* antes de especificarse en crenzas. Así que, conclúe o autor, é tamén un principio de *fraternidade* ■

Bibliografía:

CORTINA, Adela: «¿Quién debe construir la moral?», Francisco Javier PEÑA ECHEVERRÍA (coord.): *Ética para la sociedad civil*, Valladolid, Universidad de Valladolid, Secretariado de Publicaciones e Intercambio Editorial, 2003.

PELÁEZ ALBENDEA, José Ignacio: «Aconfesionalidad, laicidad y laicismo: A propósito de la declaración de la Plataforma para una sociedad laica», en *Arbil*, núm. 68, [http://www.arbil.org/\(68\)acon.htm](http://www.arbil.org/(68)acon.htm)

SEGLER, Álex: «¿Qué es la laicidad positiva?», en *Forum Libertas.com* (29-9-2008), http://www.forumlibertas.com/frontend/forumlibertas/noticia.php?id_noticia=11890

YZQUIERDO, Mariano: «El Estado confunde aconfesionalidad con laicidad», *Diariojuridico.com* (27-6-2008), <http://www.diariojuridico.com/entrevistas/el-estado-confunde-aconfesionalidad-con-laicidad.html>

PEÑA-RUÍZ, Henri: «Laicismo y justicia social, palancas de la emancipación», *Le Monde Diplomatique* (edición Cono Sur), núm. 56 (febreiro, 2004), <http://www.insumisos.com/diplo/NODE/137.HTM>

— «La laicidad como principio fundamental de libertad espiritual y de igualdad», *Europa Laica* (18-11-2000), http://www.laicismo.org/PHP/p_documento.php?id=1803

BUSTELO, Francisco: «Laicismo», *El País* (4-10-2007).

PECES-BARBA, Gregorio: «Sobre laicidad y laicismo», *El País* (19-9-2007), http://www.elpais.com/articulo/opinion/laicidad/laicismo/elpepuopi/20070919elpepuopi_6/Tes

BOUSO, Pedro: «Non só de avemarías vive a Igrexa», conferencia do Curso de verán «Liberdade relixiosa e sociedade contemporánea», Universidade de Santiago de Compostela, 16-18 de setembro de 2008.

Parellas adolescentes: Do amor e os seus límites*

MIREN IZARRA PÉREZ
MARÍA JESÚS PINTO
LIDIA ARROYO PRIETO

* Constitúen este artigo as conclusións dun estudo máis extenso publicado en Editorial Graó, Barcelona 2008. Hai unha versión completa do traballo en catalán, en www.ciimu.org. Publicado con permiso das autoras.

Se tivéssemos que debuxar un perfil que representase a pervivencia do modelo tradicional nas relacións de parella, por unha banda, e intentásemos dar algunha forma ás tendencias máis igualitarias, o primeiro que sinalaríamos é que non terían unha silueta de trazo grosso. Sairíanos, en todo caso, unha foto movida, un debuxo ao pastel, ou unha acuarela.

En primeiro lugar, porque aprendemos que sinalar contornos é un xeito gráfico, desde logo, de mostrar unha realidade, pero tamén o é de excluír, de invisibilizar, de crear estereotipos. En segundo lugar, porque o que chama-

mos modelo tradicional –cuxos compoñentes serían o imaxinario ancorado no romanticismo, a escasa sensibilidade perceptiva sobre o abuso na parella, a ausencia de asertividade na resolución de conflitos e a tolerancia cara ás relacións abusivas– está sometido a unha tirapuxa que tira en dous sentidos. Por unha banda, cremos poder afirmar que este modelo está perdendo a batalla na esfera do discurso, que entre a xente nova ten menor lexitimidade e que dita deslexitimación non cabe minimizala cualificándoa de mera expresión do *politicamente correcto*. Doutra banda, pensamos tamén que, como en todo





proceso crítico, prodúcense resistencias que ata poden exacerbarse entre quen se senten, con razón ou sen ela, violentados nas súas crenzas ou actitudes. E iso non exclúe a todas as mozas. A terceira razón sería que os valores emerxentes que apuntan en sentido oposto ao modelo anterior tampouco nos levarían a establecer uns atributos claramente definidos como modelo, e quizá non deba pretendese sequera. Estaríamos máis en que estes valores permitan romper as cercas do modelo cultural dominante e abrir o espazo ao respecto, ao apoio mutuo, á empatía, pero sen colocarnos o corpiño do xénero como nova norma do bo amor.

Dito isto, os valores igualitarios achégannos á imaxe algo borrosa dunha moza de 17 ou 18 anos que estuda bacharelato e non ten parella estable. Podería ser filla dun profesor ou dun técnico medio dunha empresa e dunha médica ou dunha empregada de banca, aínda que cando se pon en xogo a súa sensibilidade para detectar as actitudes de abuso, tamén recoñeceríamos nela a cara da súa nai que é, agora, ama de

casa. É unha moza que se move no universo ideolóxico do alternativo. Pero cando se trata de defender o seu propio espazo, saíríanos como nos retratos picassianos un rostro que incorpora ao rostro *alternativo* un lixeiro perfil de quilla; e o nariz respondón da *quilla* achégalle quizá un pouco de malos modos cando quere cortar os excesos da parella. Está disposta a sacrificarse polo seu mozo, pero dentro dunha orde, e cre que o namoro non pode obnubilar a capacidade de rexerse pola razón. Ten celo pola súa autonomía, móstrase intolerante ante as condutas abusivas, e asertiva á hora de enfrontalas. Pero se se atopa metida nunha relación sexual que non acaba de apetecerlle, non está tan claro que se atrevese a cortala. Desde logo, dos raparigos do seu ambiente –de perfil débil e oscilante nisto do amor, se os miramos como grupo– non parece que poida esperar demasiado.

A silueta do modelo tradicional sería a dun mozo, tamén de 17 ou 18 anos, con noiva estable. Podería ser un alumno de CFGM, pero tamén de ESO e, ata

de bacharelato. O seu pai podería ser indistintamente un administrativo ou un comercial, pero tamén un celador ou outro traballador non cualificado, e ata, un enxeñeiro. A súa nai, unha de dúas: ou profesional ou ama de casa. Probablemente vai de *quilla*, e, con todo, calquera dos outros estilos xuvenís superpoñeríanse agora para darlle cara. Podería tolerar unha labazada da súa moza, pero de ningún xeito unha infidelidade real ou imaxinada, e cre ter algún dereito sobre ela e, por iso, pódese permitir presionala.

Ou dito doutro xeito, podemos situar como puntos fortes na dinámica de cambio, en primeiro lugar, un avance importante na lexitimidade do discurso igualitario sobre as relacións de parella que se afirma principalmente entre as mozas. Unha lexitimidade que se asenta principalmente nos valores de autonomía no proxecto de vida –de aí a importancia da educación–, do respecto e do recoñecemento mutuos, e na preservación dos espazos e relacións propios; en segundo lugar, unha tendencia á baixa de certos mitos románticos, como son



Desde logo, dos raparigos do seu ambiente –de perfil débil e oscilante nisto do amor, se os miramos como grupo– non parece que poida esperar demasiado

a centralidade do amor como aspiración vital máxima e, algo menos, no concurso da razón para a xestión das relacións amorosas.

Como puntos débiles sinalaríamos a pervivencia de certas crenzas que outorgan supremacía aos homes, principalmente no que se refire á esfera das relacións sexuais; a persistente capacidade das relacións de parella como factor que –polo que podemos ver– cando actúa, faino na dirección de esvaecer as ideas e actitudes igualitarias das mozas fronte aos requirimentos masculinos. Tamén o desconcerto dalgúns mozos e as resistencias activas doutros que pivotan as dinámicas da crise da masculinidade hexemónica.

Poderíamos dicir que o discurso é máis firme e as prácticas máis flutuantes. Iso é así en todo proceso de cambio, moi especialmente cando o reto sitúase nunha esfera tan íntima como é o namoramento. É a distancia inevitable entre o ser e o deber ser, quen non a arrastra na súa vida? No pulso que iso supón, as adolescentes e mozas teñen o horizonte máis aberto, están apren-

dendo a gañar, e iso –algo lle deben ao incesante quefacer do feminismo– refórzalles. Aos mozos, para saír gañando, tócalles aprender a perder e hoxe, aínda, as propostas críticas ao modelo da masculinidade tradicional formuladas desde dentro da mesma –que lles puidesen servir de soporte– teñen unha proxección social moi limitada.

Aludimos á crise da masculinidade e á exigua proxección de modelos alternativos para a mesma. Non é que non existan modelos positivos de ser home. Moitos homes de carne e óso sono sen profundar na súa identidade e o seu rol a partir da teoría. Pero socialmente contan pouco aínda.¹ Non é estraño, pois, que os mozos como grupo proxecten unha imaxe máis amorfa, máis impermeable, máis indiferenciada entre o individual e o colectivo. Moitos nenos e mozos non saben exactamente cal é o seu rol nunha sociedade que parece non ocuparse deles, dos seus retos, das súas angustias e das súas necesidades no proceso de crecemento.

Considerar que a crise actual da masculinidade é un deses malestares

sistémicos intrínsecos xerados por unha disonancia na evolución das variables sociais e ambientais constitúe, para moitos autores e autoras, unha explicación razoable e útil acerca do que está ocorrendo, nesta época e no noso contexto, cos problemas vinculados ao xénero. Desde a perspectiva de Habermas (1999), con todo, cabería máis ben falar de tendencias *de crises* e distingui-las do sentido coloquial en que as persoas falan dunha *crise da masculinidade*. Unha distinción importante por canto que a masculinidade, como a femi-nidade, non configura un sistema coherente que se destrúe ou restaura como resultado da crise, senón unha configuración histórica, dinámica, das prácticas dentro dun sistema de relacións de xénero. Por iso, cabería falar da crise dunha orde de xénero como un todo e das súas tendencias internas cara á crise. Exponse, en definitiva, a necesidade de avanzar nun discurso que sexa capaz de integrar a pluralidade xenérica e, desde ela, abordar o cambio dos modelos identitarios partindo dunha visión integral das dinámicas relacionais.

Outra conclusión importante é a necesidade de escoitar de verdade á xente nova e de recordar a nosa propia

¹ Ata pensamos que se está producindo unha tendencia nada inocente a desviar cara á frivolidade metro-sexual o que puidese ser un esforzo de afastamento da masculinidade tradicional normativa.



O traballo de sensibilización e prevención que se veu realizando pode considerarse incipiente se pretendemos medir o seu inmediato impacto

adolescencia cando a ela nos diriximos. A necesidade de comprender tamén as súas vacilacións e os seus erros, porque sabemos que ninguén aprende sen eles. Moitas veces, mozas e mozos saben máis do que parece, e ata poderíamos dicir que son bastante capaces de ver máis aló e de detectar o rexeitable nas súas relacións amorosas. Outra cousa é que queiran aceptalo. Viven a adolescencia como un período de excepción fronte ao mundo adulto—logo da tutela da infancia e antes do novo achegamento como persoas adultas—e non queren renunciar a el. É á xente adulta a quen nos toca afinar no discurso e as propostas para acompañalos na súa aprendizaxe sen prexuízos, sen intolerancia, evitando as actitudes normativas, ilustradas, de quen posúe a verdade sobre a vida.

O traballo de sensibilización e prevención que se veu realizando pode considerarse incipiente se pretendemos medir o seu inmediato impacto. A partir das entrevistas, con todo, puidemos constatar a ausencia de procesos avaliativos sistemáticos. As institucións e entidades que se dedican desde fai uns anos a desenvolver actuacións formativas e de sensibilización cara á poboación xuvenil sobre as relacións abusivas na parella e a violencia de xénero coñecen a opinión das persoas que asisten aos talleres e charlas. É un capi-

tal importante. Pero faise xa patente a importancia de arbitrar mecanismos de avaliación sistemática a través de indicadores estables que permitan coñecer o seu impacto a medio prazo, e a conveniencia ou non de introducir modificacións nos enfoques e nas prácticas. Medir o impacto e a efectividade dunha política ou acción é vital para o seu éxito continuado, a súa mellora e sustentabilidade. Tamén o é para que as políticas de igualdade gañen en centralidade a partir de fortalecer os argumentos que as impulsan.

De todo iso, extraemos dúas sinxelas propostas:

► É urxente xa que os estudos máis potentes e sistemáticos, como a *Macroenquisa do Instituto da Muller* ou o INJUVE, inclúan de xeito rigoroso e diferenciado, indicadores que dean conta das situacións peculiares da xente adolescente e nova. E que se aborde este tramo vital de xeito diferenciado, porque, ata agora, os estudos institucionais sistemáticos deixaron en terreo de ninguén á poboación entre os 15 e os 18 anos. As expertas entrevistadas apuntan a necesidade de que concorran nesta tarefa os organismos ocupados das políticas das mulleres, da mocidade e de benestar e familia. Estes indicadores han de ir máis aló do rexistro das diferenzas por sexo e deben

ser capaces de explorar a esfera das ideas, actitudes e comportamentos que están actuando na definición dos roles e da construción identitaria en relación cos xéneros nesta decisiva e específica etapa.

► Hase de seguir impulsando o traballo na esfera preventiva e de sensibilización, porque o que nos xogamos non é quen gana ou quen perde, senón con que habilidades sociais se reforza a autonomía persoal e se dirimen os conflitos nas relacións amorosas de adolescentes e da mocidade. Isto é algo que afecta a todos eles, aínda que nunca se atopen fronte a situacións de violencia ou, nin sequera, de relacións abusivas. E reforzar estas actuacións a través de mecanismos de mediación que non exclúan a participación dos iguais, que lles sirvan a mozos e mozas para reafirmarse nos valores igualitarios. Para iso, habería que comezar un traballo de avaliación sistemática das actuacións en curso, compartido por entidades e institucións, a partir do consenso de indicadores de enfoque e de impacto que redunden nunha maior eficacia. Non estaría de máis, claro, que se articulasen formas de consultoría para recoller a opinión directa da xente nova, a fin de que este consenso sexa verdadeiramente efectivo ■

A loita polo dereito ao aborto, un pilar na construción do feminismo galego



NANINA SANTOS

Dende o nacemento do movemento feminista moderno o dereito da muller a decidir se quere ter fillos ou non e, caso de querer telos, cando e con quen formou parte de xeito moi nítido das súas demandas, loitas, reivindicacións.

No ano 1976 o feminismo galego promoveu campañas de concienciación e información sobre sexualidade e anticonceptivos.¹ Reclamou o aborto (penalizado absolutamente) cando se tivese chegado a un embarazo non desexado. Naquel entón, amplos sectores da sociedade galega vilipendiaron a aquelas feministas con toda clase de insultos e deostos. Outras xentes, mesmo sectores activos de esquerdas e nacionalistas, escandalizábanse de que as insolentes mozotas se atrevesen a falar dun xeito tan libre e explícito de sexualidade, de anticoncepción, de aborto.

Non se desanimaron aquelas algo desvergoñadas militantes e teimaron no que consideraban de xustiza.




Pancarta de cabeceira da Manifestación do 8 de marzo de 1977 en Santiago convocada pola Asociación Galega da Muller

Ter que reclamar o dereito ao aborto libre era unha manifestación, un síntoma da opresión das mulleres ás que se lles negaba o control das súas capacidades reprodutivas impoñéndolles como obriga e como destino unha posibilidade biolóxica, unha potencia.

O ano 1979 marcou un fito na loita polo dereito ao aborto. Salta aos me-

dios de comunicación un dos moitos xuízos por aborto. Xuízo a 11 mulleres de Basauri, Biscaia, que reunía calidades importantes para facer del un elo

¹ Prohibida a súa difusión até a aprobación o 26 de abril de 1978 da despenalización coa modificación do artigo 416 do Código Penal.



O xuízo ás 11 mulleres de Bilbao convértese en emblema da loita polo dereito ao aborto

na conquista do aborto: mulleres sen recursos económicos, sen información sexual nin anticonceptiva, que tiveron a negativa da sanidade oficial ás súas demandas de pílulas anticonceptivas. Mulleres que non desexaban naquel momento nin naquelas circunstancias persoais nin sociais ser nais.

Un caso ao alcance de calquera que quixese comprender. Como a meirande parte dos casos que ao ano son xulgados por aborto.

Aquel xuízo ás 11 mulleres de Bilbao convértese en emblema da loita polo dereito ao aborto. A Asemblea de Mulleres de Biscaia colle con moita furia o caso e dá o tiro de saída. Logo, todas as forzas feministas se concentran en explicar, demandar, promover, mover consciencias e esixir amnistía para as 11 mulleres.

O feminismo consegue facerse ouvir, logra poñer enriba da mesa un problema social e político que até ese momento remanecía no ámbito do privado, das prácticas clandestinas e sanitarias dubidasas, e por suposto no Código Penal.

Encadeamentos nas rúas, feches en concellos, no pazo arcebispal, xulgados, cortes do tránsito viario, manifestacións, pintadas, *octavillas*, cartas asinadas por milleiros e milleiros pedindo que o aborto deixe de ser delito... Mobilizacións audaces quen de *facer pum*



La foto muestra el grupo de mujeres que se encerraron en el Ayuntamiento de Santiago. Luego serían desalojadas. (Telefoto EFE)

Santiago: la Policía desalojó de su encierro a las mujeres solidarias con las abortistas de Bilbao

SANTIAGO.— (De nuestra Delegación).

Minutos después de la medianoche del miércoles, las Fuerzas de Orden Público desalojaron el local del Palacio de Rajoy en el que se habían encerrado alrededor de cien mujeres a última hora de la tarde.

Según manifestaciones de portavoces de la Asociación Galega da Muller y del Grupo Feminista de Santiago, el desalojo del local fue ordenado por el alcalde de la ciudad. «Cando fixera acto de presenza as Forzas de Orden Público —dixeron las feministas— as mulleres negámonos a desalojar o local no que nos atopábamos por creer que estábamos no noso dereito de expresar a nosa solidariedade cas once mulleres de Euzkadi. Pero cando a policía entrou no Axuntamento advertíunos que como no desalojáramos tiñan orde de cargar. Despois de algúns minutos de silencio e dado o acorralamento no que nos tiña a Policía tivemos que desalojar».

Antes de abandonar el referido local se redactó un comunicado en el que las encerradas ponen de manifiesto que «el aborto es un derecho de la mu-

jer que ninguna persona, lei, institución ou moral poden negar».

En el mismo y tras poner de relieve su solidaridad con las once presuntas abortistas de Bilbao que próximamente serán juzgadas, se solicita que se creen centros de información sexual para non confundir maternidade con sexualidade».

En favor de la amnistía para las once mujeres procesadas en Bilbao se pronunciaron ayer el secretariado de CC.OO. de Galicia, el Comité Central de POG, el POG y el Grupo Ecoloxista Autónomo.

ENCIERRO EN VILAGARCIA
VILAGARCIA.— (De nuestro corresponsal).

Veintiocho personas, especialmente mujeres, así como miembros de diversos partidos políticos, se encerraron a las ocho de la tarde de ayer en el Ayuntamiento de esta ciudad —desplegando una gran pancarta en el balcón principal del edificio— solidarizándose con las mujeres que hoy serán juzgadas en Bilbao por el delito de aborto.

Los encerrados pensaban permanecer toda la noche en las dependencias del Ayuntamiento.

EL TEXTO MAS DEGRADANTE PARA LA CONDICION FEMENINA

"ABC" califica un escrito firmado por 1.300 mujeres a favor del aborto

MADRID, 25. — El diario "ABC" publica hoy un editorial, titulado "Un planteamiento racional ante el aborto" en el que denuncia la campaña a favor del aborto, montada sobre el juicio previsto para mañana en Bilbao contra 11 mujeres acusadas de este delito, y cuyo objeto —dice— no es lograr la justicia en este caso, sino conseguir unos fines ideológicos y políticos muy concretos.

"Este caso —añade— rodeado de demagogia, envuelto en melodramatismo presentado desde ángulos puramente emocionales, será utilizado para influir en la comunidad española y para hacerlo del modo más distante de los planteamientos racionales que un tema tan delicado como éste necesita".

"Enfoques lacrimógenos, mezcla de este problema con cuestiones de brujería —dice "ABC", refiriéndose a la información que ofrecen determinados periódicos y revistas— son procedimientos de mitin, aptos para arrastrar a las masas, pero no para clarificar los problemas".

Seguidamente se refiere al escrito firmado por 1.300 mujeres (algunas han negado la autenticidad de sus firmas), "que casi presumen públicamente de haber abortado alguna vez en su vida": "No queremos, señala el editorial, ponernos aquí la gravedad jurídica de esta pública autoacusación con defensa de asesinato; es función que no omitirá el ministerio fiscal. Queremos simplemente señalar que ese gesto —sobre todo en lo que tiene de exhibición y de orgullo de algo que podría llegar a ser comprensible, pero jamás motivo de vanagloria— es el hecho más triste que jamás hemos conocido.

el texto más degradante para la condición femenina que se ha producido en toda nuestra historia".

"Que alguien exhiba la muerte voluntaria de un ser engendrado en su seno supone tal grado de subhumanidad, de subfeminidad, de subfemineidad que es difícilmente concebible en un ser racional".

EL MEJOR ARGUMENTO ANTIABORTISTA

"Pero hay algo más grotesco: esas 1.300 mujeres han dado por su gesto el más brillante y contundente argumento a los antiabortistas. En el futuro, cuando alguien para defender el aborto nos hable de la pobreza, de las condiciones de salud de la madre, de la ignorancia, de las presiones sociales que sobre la mujer se ejercen, tendremos que pensar siempre en esas firmantes de cultura supuestamente alta, perfectamente in-

formadas, de envidiable situación económica, más aptas para presionar que para ser presionadas, que confiesan, sin embargo, haber abortado sin contar con ninguna de las razones que podrían obligar a meditar la aceptabilidad de una revisión de la legislación".

Finalmente, "ABC" subraya que todas las encuestas muestran que los españoles —y sobre todo las españolas— son mayoritariamente antiabortistas; recuerda la tajante condena del aborto emitida reiteradamente por la jerarquía de la Iglesia y por los obispos españoles, y concluye afirmando que la legalización del aborto supondría una violación de la Constitución.

"Sería absurdo —termina— que una sociedad que se enorgullece de haber abolido el garrote vil, implantara miles al lado de cada uno de nuestros hospitales". — E. Press.

Editorial de «ABC» denunciando la campaña a favor del aborto

Sobre el escrito de 1.300 mujeres dice que es «el texto más degradante para la condición femenina en toda nuestra historia»

MADRID, 25. (Europa Press).—El diario «ABC» publica hoy un editorial, titulado «Un planteamiento racional ante el aborto», en el que denuncia la campaña a favor del aborto, montada sobre el juicio previsto para mañana en Bilbao contra 11 mujeres acusadas de este delito, y cuyo objeto —dice— no es lograr la justicia en este caso, sino conseguir unos fines ideológicos y políticos muy concretos.

"Este caso —añade— rodeado de demagogia, envuelto en melodramatismo, presentado desde ángulos puramente emocionales, será utilizado para influir en la comunidad española y para hacerlo del modo más distante de los planteamientos racionales que un tema tan delicado como éste necesita".

"Enfoques lacrimógenos, mezcla de este problema con cuestiones de brujería —dice «ABC», refiriéndose a la información que ofrecen determinados periódicos y revistas—, son procedimientos de mitin, aptos para arrastrar a las masas, pero no para clarificar los problemas".

Seguidamente se refiere al escrito firmado por 1.300 mujeres (algunas han negado la autenticidad de sus firmas), «que casi presumen públicamente de haber abortado alguna vez en su vida»: «No queremos —señala el editorial— plantearnos aquí la gravedad jurídica de esta pública autoacusación con defensa del ase-

sinato; es función que no omitirá el Ministerio Fiscal. Queremos simplemente señalar que ese gesto —sobre todo en lo que tiene de exhibición y de orgullo de algo que podría llegar a ser comprensible, pero jamás motivo de vanagloria— es el hecho más triste que jamás hemos conocido, el texto más degradante para la condición femenina que se ha producido en toda nuestra historia".

"Que alguien exhiba la muerte voluntaria de un ser engendrado en su seno supone tal grado de subhumanidad, de subfeminidad, de subfemineidad que es difícilmente concebible en un ser racional".

EL MEJOR ARGUMENTO ANTIABORTISTA

"Pero hay algo más grotesco: esas 1.300 mujeres han dado con su gesto el más brillante y contundente argumento a los antiabortistas. En el futuro, cuando alguien para defender el aborto nos hable de la pobreza, de las condiciones de salud de la madre, de la ignorancia, de las presiones sociales que sobre la mujer se ejercen, tendremos que pensar siempre en esas firmantes de cultura supuestamente alta, perfectamente informadas, de envidiable situación económica, más aptas para presionar que para ser presionadas, que confiesan, sin embargo, haber abortado sin contar con ninguna de las razones que podrían obligar a meditar la aceptabilidad de una revisión de la legislación".

Finalmente, «ABC» subraya que todas las encuestas muestran que los españoles —y sobre todo las españolas— son muy mayoritariamente antiabortistas; recuerda la tajante condena del aborto emitida reiteradamente por la jerarquía de la Iglesia y por los obispos españoles, y concluye afirmando que la legalización del aborto supondría una violación de la Constitución.

"Sería absurdo —termina— que una sociedad que se enorgullece de haber abolido el garrote vil, implantara miles al lado de cada uno de nuestros hospitales".

A maioría do feminismo galego debate en xornadas a cuestión do aborto, a maternidade, a sexualidade: consignas, esixencia de leis [...]

no ollo e na conciencia dunha sociedade que comeza despertar dun duro letargo.

Unha famosa carta asinada por 1300 mulleres, «Yo también aborté voluntariamente», sae na prensa a bombo e prato en outubro de 1979, uns poucos días antes do comezo do xuízo, con sinaturas de concelleiras, parlamentarias, artistas, sanitarias, profesoras, dirixentes políticas e sindicais, etc. Escandaliza a moitos, e o diario *ABC* táchaa do «texto máis degradante para a condición feminina de toda a nosa historia».² A Fiscalía do Estado decide non actuar porque considera que se trata dunha «trampa saducea para crear un estado de opinión».

Circula ao tempo unha carta que promoven entre parlamentarios, algúns deles –colaborei e fixen posible abortos voluntarios–. Alí firma Carrillo, por exemplo, e non o fan Felipe González nin Alfonso Guerra. Sorpresa tamén de propios e estranos é Antonio de Senllosa, quen di: «Eu asino o que me parece que está ben e é xusto».

Aquela sociedade recentemente saída dunha longa ditadura opresiva e represiva e cunha imponente misoxinia... vese descolocada por unhas for-

zas novas, asociacións feministas e de mulleres que se atreven a falar, dicir, reclamar os seus dereitos en troca de aceptar a submisión e o silencio que o franquismo e a súa Sección Feminina promoveron como modelo para as mulleres. E atrévense a tocar o tabú: o aborto.³

Consignas que se popularizan e explican con precisión as posicións feministas: *Queremos o dereito ao aborto non queremos abortar; anticonceptivos para non abortar, Aborto libre para non morrer*. Ao mesmo tempo vaise cuestionando a sexualidade imperante, marcadisimamente reprodutiva.

O feminismo avanza, e neste tema vai colocando no centro da escena o lema *A muller decide: aborto libre*.

O xuízo ás 11 mulleres de Bilbao aprázase para cando as augas estean máis calmas. As mobilizacións sucedense e o xuízo sáldase cunha importante vitoria: absolución de 9 mulleres acusadas e unha sentenza que interpreta de xeito novo o artigo 15 da Constitución: «Todos teñen dereito á vida», así como a aplicación da eximente do estado de necesidade. A sentenza faise pública en marzo de 1982.

Neste proceso a conciencia social vai cambiando de xeito notóριο.

É certo que pasado o *boom* e precisamente polo cambio que se vai producindo na conciencia social os sectores antiabortistas fanáticos comezan a súa campaña pro familia e contra o aborto e o divorcio

De 1981 a 1984 o feminismo libra batallas importantes no terreo das ideas cos sectores autoproclamados pro-vida (en realidade os verdadeiros abortistas ao non procurar e mesmo atrancar os medios precisos para que non se produzan embarazos non desexados, e pouco ou nada partidarios da vida das persoas concretas de carne e óso); tamén con Acción Familiar. Son sectores que fan campañas nas que o uso dunha linguaxe emocional non é inocente: persoa ou ser humano en troca de feto, asasinato en vez de interrupción voluntaria do embarazo ou aborto...

Após o intento de golpe de estado (a imaxe de Tejero asaltando o Congreso dos Deputados nas televisións e radios)

² Apréciase o xeito de escribir, coñecer e transmitir a historia por parte de algúns.

³ A partir de agora o potente PC daquelas elabora unha lei. O PSOE fala de legalización. LCR, sempre pioneira na demanda de aborto libre. MC fai chegar unha lei ás Cortes a traveso do deputado canario Fernando Sagaseta. O PNV ve a necesidade de resolver isto desde dun punto de vista legal. CC. OO. e comunidades cristiás de base respontan as declaracións da xerarquía eclesíastica.



e a vitoria electoral do PSOE e Felipe González, en 1982 ábranse máis expectativas e esperanzas para os sectores sociais que demandan liberdades en calquera ámbito.

Diversos partidos e coalicións electorais de esquerda e nacionalista comezan a incluír –timidamente uns, máis abertamente outros– anticonceptivos e aborto nos seus programas, a apoiar as mobilizacións e iniciativas feministas na demanda de aborto libre, gratuito e na rede sanitaria pública.

A maioría do feminismo galego debate en xornadas a cuestión do aborto, a maternidade, a sexualidade: consignas, existencia de leis, posicións e matices en temas de calado e cuestións complexas, ao tempo que proliferan batallas. Seguen á orde do día xuízos e detencións. Algunhas concentran máis enerxías e dan máis *chance* á resposta, así as detencións de Pere Enguix, xinecólogo do Colectivo Acuario do País Valencià e pioneiro no seu labor profesional que inclúe a práctica de abortos polo método Karman (por aspiración) e a dos membros do centro de planeamento Los Naranjos de Sevilla, con clausura da clínica onde ademais de practicar abortos faise traballo de información sexual e información anticonceptiva. Nin aborto nin información sexual nin anticonceptiva. Que queren? Si, estas detencións mobilizan con forza ao feminismo e a sectores sociais favorables ao aborto e as liberdades sexuais, aos núcleos moi significados de traballa-

dores da sanidade, sociedades de sexoloxía: autoinculpacións –«Sometinme libre e voluntariamente a un aborto no centro...»–, peches, cortes de tránsito, manifestacións, caravanas.

Esíxese a liberdade dos detidos, a legalización do aborto libre e gratuito na sanidade pública e á decisión da muller. O feminismo insiste en facer saber que *Sexualidade non é maternidade* e que *Parir non é o destino da muller*.

En xullo de 1985 a proposta de modificación do Código Penal en materia de aborto que propón o Goberno do PSOE, e que estivera paralizada desde 1983 polo recurso de inconstitucionalidade do PP,⁴ entra en vigor logo da súa aprobación nas Cortes españolas.⁵

Despenalízase a práctica de aborto en tres supostos: violación denunciada, perigo de malformación do feto ou grave risco para a saúde da nai.

Os sectores contrarios ao aborto, descontentos, fan as súas campañas subindo o ton da linguaxe e mesmo repartindo uns panfletos infectos en igrexas e centros escolares a menores (o famoso «Juanito» en viñetas: un feto que no ventre da súa nai é retallado a navalladas e *bisturinazos* pola súa nai e polo doutor), denunciando a xinecólog@s que practican abortos legais, a mulleres, etc.


Os sectores pro-abortistas, descontentos tamén, porque aspiraban a unha lei decente, semellante as francesa, inglesa ou holandesa e non unha despenalización cativera que segue a deixar

na ilegalidade ao 97% das mulleres que interrompen voluntariamente un embarazo non desexado.

O feminismo toma a decisión de dar un paso máis audaz e atrevido: desafiar abertamente a legalidade recentemente aprobada pasando a practicar elas mesmas abortos voluntarios como xeito de obrigar aos poderes públicos a procesalas por un delito contemplado no Código Penal ou decidirse a legalizar o aborto.

⁴ Obsérvese a repetición de tácticas sempre iguais: gañar tempo, paralisar, atrancar dereitos e liberdades, desgastar o PSOE.

⁵ O Goberno presenta nas Cortes en marzo de 1983 o Proxecto de Lei Orgánica de modificación do artigo 417 do Código Penal. Segue os trámites previstos nas leis. O 30/11/83 o Senado aproba o texto definitivo. O 2/12/83 o PP presenta o recurso de inconstitucionalidade que paraliza automaticamente o proxecto até a famosa sentenza 53 do TC de 1985, a cuio abeiro elaborouse o texto que entrou en vigor no mesmo ano 1985. Admitía a sentenza os tres supostos a condición de que se inclúsen un feixe de requisitos formais destinados a evitar a práctica de abortos fóra dos casos indicados –que se convertise nunha coadeira–. E na sentenza explicitan que o ben protexido –a vida anterior ao nacemento–, que o artigo 15 da Constitución fixa, non ten carácter absoluto. Pódese dar preferencia a outros bens igualmente amparados pola Constitución e que poden eventualmente entrar en conflito coa vida fetal, caso de certos intereses básicos da muller (vida, saúde, liberdade, dignidade) cuxo respecto non deixa outra saída que a interrupción do embarazo.



Integrantes de la Coordinadora Feminista se responsabilizan de la práctica de abortos

"Con estas declaraciones pretendemos sacar a la luz pública lo que ya hicimos hace unas semanas en Santiago, que el Movimiento Feminista está haciendo abortos y los seguirá haciendo. En concreto queremos autoinculparnos, las mujeres que estamos aquí presentes, de los abortos que se están haciendo y más especialmente del que se hizo hoy por la mañana en Vigo". Con estas palabras se iniciaba una rueda de prensa en la que, la Coordinadora Feminista de Vigo efectuó una denuncia pública de la situación actual de la realización de abortos, dando nombres de las mujeres que los realizan.

VIGO

MONICA TOURON

María Jose Pérez Cabo, María Dolores Vázquez Villanica, Carmen Castro González, María Dolores Ramos Cascañan, Isabel Rodríguez Álvarez, María Xosé Araújo Ledo, María Xosé Molina Blanco y Lourdes Rodríguez, son las ocho mujeres que se autoinculpan de la realización de abortos. "Esta declaración de autoinculpación, afirman, significa que vamos a la justicia a que nos juzgue por haber cometido estos abortos como se está haciendo con muchas mujeres que los realizan en penosas condiciones. Por el contrario nosotros los hacemos con todas las garantías sanitarias, sin embargo consideramos que el aborto es un derecho que hay que defender, no se puede ignorar una realidad que está ahí; el Gobierno dice que le-

galizar el aborto o, por el contrario, juzgar a todas las personas que cometen, según ellos, ese delito".

Ultimo aborto

Estas ocho mujeres se responsabilizan del aborto practicado a las nueve de la mañana de ayer, jueves, a una joven de veinte años que, embarazada de ocho semanas, acudió directamente a la coordinadora en busca de información y ayuda. "Las mujeres interesadas en el tema llegan a nosotras bien directamente o a través de organizaciones políticas o sindicales, esta mujer, en concreto acudió directamente a la coordinadora feminista".

Sobre el aborto de hoy la única declaración que han hecho es garantizar las condiciones en que fue practicado. "garantizamos que el aborto de esta mañana, así como todos los

que realizamos, se desarrolló en las mejores condiciones higiénicas y sanitarias, es decir, que todo estaba previsto, no hubo ningún incidente y todo discurrió con normalidad; incluso tenemos grabado un video con la realización de ese aborto para demostrar que así se realizó y las condiciones en que se hizo. Más datos no se pueden dar en la medida que hay una clandestinidad de los hechos y que la persona que aborta se mantiene en el anonimato".

Al ser ilegal la realización de abortos, la Coordinadora Feminista está actuando, por consiguiente, dentro de la ilegalidad, por ello sería de esperar que actuase la justicia. "En este sentido, afirman, no sabemos lo que va a ocurrir con nosotras, en las Jornadas de Barcelona, cuando se realizó el primer aborto hecho público, hubo una denuncia y ahí sí que se abrió un proceso. Sin embargo con nosotras aún no ha ocurrido nada parecido, con los otros dos abortos hechos públicos en Santiago no pasó nada, quizá porque era en período electoral y no interesaba que se supiera; pensamos que había un pacto PSOE-AP porque Alianza Popular tampoco se movió con el tema, cuando en otros momentos nos están tachando de irresponsables y

asesinas. Ello nos indica que se priorizan otros temas antes de meterse en complicaciones, suponemos que ahora sí que va a haber un proceso, desde luego si no lo hay se están quedando un poco al descubierto, es decir, por un lado el aborto es ilegal, y por otro no actúan en contra".

Campaña de autoinculpación

Este acto de autoinculpación no es el primero, ya el pasado siete de junio tuvo lugar otro de similares características en Santiago. En aquel, y sobre abortos realizados el 31 de mayo, se inculparon cerca de trescientas mujeres, participantes todas ellas de los Segundos Encuentros por el Derecho al Aborto; en el mismo se proyectó un video a los medios de comunicación presentes.

La Coordinadora Feminista de Vigo, sobre este tema sostiene que "la campaña de autoinculpación y realización de abortos seguirá hasta que se le galice el derecho al aborto libre y gratuito en la red sanitaria pública con todas las garantías pertinentes. Y ello porque creemos que es un derecho elemental de toda mujer decidir lo que hacer con su cuerpo, es una campaña que el Movimiento Feminista realiza en

loda España para llamar la atención de la opinión pública ya que la ley del aborto del PSOE es tan restringida que sólo el 3% de las mujeres pueden acogerse a ella. Así muchas tienen que seguir viajando a Londres o Portugal o realizando el aborto en clínicas privadas que hay en España y son del dominio público. Y sin embargo el PSOE prefiere medio ignorar el tema antes de reconocer que eso está ahí y que urge legalizarlo, porque nosotros tenemos consciencia de que se siguen realizando abortos en condiciones inhumanas que ponen en peligro la vida de las mujeres".

Con estos actos de autoinculpación, la Coordinadora, y el Movimiento Feminista a la Opinión pública y al Gobierno para que actúe en el asunto, bien sea en un sentido o en otro: "la realización de abortos del Movimiento feminista no es en plan campaña asistencial, es decir no vamos a resolverle el problema a una mujer que no tiene dinero, en ese caso veríamos la manera de proporcionarle los medios para ir a Londres, por ejemplo. Es más bien un contenido político, para llamar la atención de la opinión pública y de retar al Gobierno del PSOE, si la práctica de abortos no es legal que nos procesen, y sí que lo legalicen".

FARO DE VIGO

Martes, 23 de septiembre de 1986

Las ocho mujeres que se autoinculparon de llevar a cabo un aborto declararon ayer ante el juez

VIGO

REDACCION

El Movimiento Feminista del Estado Español está llevando a cabo, desde el mes de noviembre del pasado año, una campaña contra la Ley del Aborto del PSOE, que califica de restrictiva, y que solo cubre, según el Movimiento Feminista, a un tres por ciento de los abortos que hoy en día se están llevando a cabo en nuestro país. En esta campaña se pide igualmente el aborto libre y gratuito en la red sanitaria pública.

Con motivo de la mencionada campaña, el pasado día 10 de ju-

lio, ocho mujeres del Movimiento Feminista Gallego se autoinculparon en un juzgado de Vigo de haber realizado un aborto. Por esta acción, las ocho mujeres prestaron declaración ayer ante el juez.

En rueda de prensa celebrada en la mañana de ayer, miembros del colectivo feminista señalaron que continuará la campaña contra la Ley del Aborto, en la que abogarán igualmente por una sexualidad menos dirigida y porque sea exclusivamente la mujer quien decida si ha de abortar o no. Asimismo pedirán una mayor información sexual y una sexualidad menos dirigida.

En cuanto al tanto por ciento de abortos que se practican, según las distintas edades, el colectivo feminista señaló que hasta los 18 años el porcentaje supone un 10'71 por ciento; de 19 a 25 años, un 52'58 por ciento; de 26 a 30, el 20'23 por ciento y a partir de los 30 años, un 11 por ciento.

Afirmaron también que un 26'78 por ciento del total de abortistas tenían hijos, en tanto que un 7'73 por ciento habían abortado anteriormente. Indican igualmente que aproximadamente un 36 por ciento eran casadas, un 13'69 amas de casa y un 5'35 por ciento pertenecientes al sector de la enseñanza.



Nas Xornadas «10 anos de Movimento Feminista» organizadas pola Coordinadora de Organizacións Feministas do Estado Español en Barcelona, en decembro de 1985, as 4000 mulleres presentes nas xornadas auto-inculpáronse dos dous abortos practicados alí mesmo, logo de presentar aos medios de comunicación as probas do delito.

En 1986 en Galicia realizábase o «II Encontro polo dereito ao aborto» na Facultade de Económicas de Compostela, preparado pola Coordinadora de Organizacións Feministas Galegas, despois dunha campaña moi sostida e sistemática a nivel nacional, «Estamos facendo abortos», con charlas, debates, mesas redondas, manifestacións, implicación dos sectores sanitarios e traballadores dos centros de planeamento familiar, con quen as feministas viñan colaborando estreitamente. Alí presentábase aos medios de comunicación o vídeo e as fotos dun dos abortos practicados polas feministas (o fotógrafo de prensa de *La Voz de Galicia* acode a modo de notario á realización) como probas delitivas e chámase á policía dando conta do mesmo para ser detidas e xulgadas.

Non se atreveron. Só abrir dilixencias ás oito que uns días despois afirma-

Periodicamente rebrota o debate da man de xuízos, procesos, denuncias e da conciencia de conseguir cambios na lexislación para garantir vo dereito das mulleres ao aborto [...]

ron a autoría material dun aborto practicado na cidade de Vigo e que así o testemuñaron diante do xuíz que as chamou a declarar no mes de setembro de 1986.

Na nova situación a práctica dos abortos vai poñendo de manifesto as limitacións e problemas que crea esa parcial despenalización: inseguridade das mulleres que abortan e do persoal sanitario que os practica.

Apenas se practican na sanidade pública. A lexítima obxección de conciencia, mal regulamentada, foi usada como ferramenta política de oposición ao aborto por servizos enteiros de xinecología, atrancando as solicitudes mentres o tempo de embarazo corría.

Existen desigualdades segundo quen governe nas comunidades autónomas.

Nun embarazo non desexado hai que seguir buscándose a vida, de xeito moi diferente que noutras accións médicas, acudindo case clandestinamente a clínicas privadas tamén sometidas ao

ollo inquisidor dos antiabortistas fanáticos decididos a obstruír totalmente a súa práctica por calquera medio, arriscándose para máis a ser denunciada.

Periodicamente rebrota o debate da man de xuízos, procesos, denuncias e da conciencia de conseguir cambios na lexislación para garantir o dereito das mulleres ao aborto;⁶ cuarto suposto, lei de prazos, prazos con indicacións, despenalización total...

Neste contexto nove organizacións feministas galegas agrupadas na Coordinadora Nacional de Organizacións Feministas pídenlle á deputada do BNG no Parlamento galego, M.^a Pilar García Negro, que presente a súa proposta de lei no Parlamento. O 2 de maio de 1990 chega a pleno esta proposta de lei. Sectores feministas despregan diante do Parlamento as súas pancartas e berran ás súas consignas.

⁶ Máis de trinta sumarios abertos en todo o Estado no ano 1990, que comeza co famoso xuízo de Pamplona.



Aborto realizado en xuño de 1986 polo Movimento Feminista Galego dentro da campaña «Estamos facendo abortos»





Despregue dunha pancarta no interior do Parlamento en 1990

Tamén no interior do Pazo do Hóreo, logo de se ausentar case que todos os deputados mentres Pilar García Negro defende a lei, cando volven a votar e o fan en contra, algunhas feministas preparadas para a ocasión despregan desde o balcón de convidados unha pancarta que causa pasmo. O desconcerto é patente até que restablecen a súa orde.

O aborto volve estar no ollo do furacán, con ofensivas ultracatólicas contra as clínicas, violentando mesmo a intimidade das mulleres que acudiron a abortar

Hoxe o aborto volve estar no ollo do furacán, con ofensivas ultracatólicas contra as clínicas, violentando mesmo a intimidade das mulleres que acudiron a abortar. De par disto, as esixencias dunha lei que dea garantía xurídica e sanitaria ao exercicio da interrupción voluntaria do embarazo; que outorgue igualdade ás mulleres que a demandan a marxe de en que comunidade vivan e que nivel de riqueza teñan, garantindo, polo tanto, a súa realización na sanidade pública.⁷ Estes problemas creados levan ao PSOE no Goberno a emprender un proxecto de lei máis axustado á realidade de hoxe.

Isto é o que está agora mesmo a debate entre amplos sectores sociais e desde logo no interior do feminismo.

O logro deste dereito ten pasado e pasará por moitas vicisitudes.

A nosa é unha sociedade marcadísima por sectores que tiveron prebendas e privilexios por séculos. En particular, a Igrexa católica. Segue sen ser quen de se integrar nunha sociedade plural e


laica na que as mulleres son seres capaces de decidir de seu, tamén sobre as súas posibilidades reprodutivas.

As forzas en lida están aquí e seguirán estando.

Os gobernantes parecen crer que un pouquiño hoxe e outro pouquiño mañá aplacarán as furias dos fanáticos dirixidos por bispos, arcebispos e seitas moi enquistadas en sectores con poder e goberno –Opus Dei, Lexionarios de Cristo–, en troca de legislar con valentía para resolver o problema dos embarazos non desexados. A lexislación precisa prevención, apostando forte, investimentos incluídos, por información anticonceptiva e por educación sexual e coa regulamentación do aborto que favoreza o dereito das mulleres, todas as mulleres, inmigrantes incluídas, a ser nais se queren e cando queiran ■

⁷ En España só o 28% dos abortos realizados fanse na rede sanitaria pública. Francia, Reino Unido ou Italia teñen unhas porcentaxes que van do 70% ao 100%.





Campaña da Marcha Mundial das Mulleres «En defensa do dereito ao aborto, na sanidade pública! Eu decido!»

MARCHA MUNDIAL
DAS MULLERES

A campaña da Marcha Mundial das Mulleres «En defensa do dereito ao aborto, na sanidade pública! Eu decido!» desenvolveuse durante todo o mes de maio organizando palestras, facendo a presentación do libro editado pola coordinadora da Coruña *O dereito a decidir: Situación actual e alternativas á despenalización do aborto*, e realizando dous actos reivindicativos: Viacrucis en Ourense e feche da campaña na praza

da Quintana de Compostela coa elaboración dun maio o 31 do pasado mes.

O noso discurso e debate centrouse en 6 puntos reivindicativos fundamentais para unha defensa real dos dereitos reprodutivos e sexuais das mulleres. Estes son os mínimos que aceptaríamos en calquera iniciativa legal e son os que queremos transmitir á sociedade como vitais para seren defendidos por todas e todos. Mais de trinta colectivos e or-

ganizacións e por volta de 1040 persoas mostraron xa o seu acordo con estes principios asinando na nosa páxina web, o que agradecemos profundamente. Esperamos que este apoio continúe coas seguintes fases da campaña que seguirían o decurso do anteproxecto de lei presentado polo PSOE, e na denuncia de situacións que poñan en perigo a saúde sexual e reprodutiva das mulleres para que podan exercer os



seus dereitos sen sufrir discriminación, coacción nin violencia, como é recoñecido na declaración do Fondo das Nacións Unidas para as Actividades de Poboación na conferencia do Cairo en 1994.

Durante todo o mes de maio organizamos palestras por diferentes localidades (Vigo, Pontevedra, Val Miñor, Coruña, Ferrol, Compostela, Carballo e Ourense), cada unha delas foi un descubrimento de novas perspectivas e unha inxección de enerxía e ánimo para continuar coa loita. Nestas charlas tivemos a ocasión de profundar, reflexionar e escoitar as diferentes visións feministas e de mulleres que levan traballando profesionalmente con este tema.

Lola Ferreiro, catedrática en Saúde, membra do grupo de educación sexual 'Lúa Crecente' e co-editora do programa de intervención *Coeducación afectivo-emocional e sexual* foi moi importante nesta campaña, pois participou connosco coa xenerosidade que a caracteriza falándonos sobre a importancia de separar sexualidade de procreación e de incluír a educación afectivo-emocional e sexual no currículo escolar desde

crianzas, fuxindo así do modelo educativo actual enfocado principalmente na explicación biolóxica da reprodución e no uso técnico dos métodos anticonceptivos. O coñecemento do noso corpo e do que nos satisface sexual e persoalmente vai fortalecer a confianza en nós mesmas e nas demais persoas, sendo esta a arma máis potente contra o capitalismo e patriarcado, os cales se sustentan na desconfianza entre as individuais e na vulnerabilidade emocional, afectiva e sexual das mulleres.

Particularmente emocionante foi a proxección do documental de Dorothy Fadiman *Nai por escolla, non por obriga* no que se narra cunha gran sensibilidade a loita polo dereito a decidir nos Estados Unidos. Moitas mulleres sentímonos identificadas e sen dúbida simpatizamos coas testemuñas alí ouvidas das diversas razóns que levaron a moi diferentes mulleres a tomar a decisión de interromper unha gravidez indesexada, da situación de vulnerabilidade legal e sanitaria, cando aínda non era legal, e que en moitos casos mesmo acababa coa morte da muller. Impresionou o poder de mobilización das mu-

lleres e o apoio dos diferentes sectores da sociedade americana, incluíndo a Igrexa, protestante e católica, e de políticos conservadores que antepuxeron a defensa do que consideraban xusto aos propios intereses políticos. Mais tamén nos recordou a nosa propia situación o rexurdimento do movemento anti-dereitos das mulleres que vulneran sistematicamente a súa integridade física e emocional exercendo coacción e violencia para impoñer o seu modelo de construción política, social e xurídica.

Celsa Perdiz, traballadora social do COF de Ourense axudounos a ter unha perspectiva clara da evolución da situación sanitaria do aborto na Galiza –desde a legalización da pílula ata a actualidade–.

Sobre o anteproxecto de lei xurdiron diferentes posicións, desde o apoio máis incondicional ata a crítica a unha certa ambigüidade que pode deixarnos a nivel nacional con poucas ferramentas para esixir o cumprimento efectivo da lei. Particularmente cuestiónase o período obrigatorio de reflexión de 72 horas para a muller que xa ten decidido abortar, que claramente incumpre os dous primeiros puntos reivindicativos da campaña, nos que pedimos que se recoñeza o dereito das mulleres a tomar as súas propias decisións e garanta a autonomía sobre o propio corpo e a propia vida, terminando así coa tutela

O coñecemento do noso corpo e do que nos satisface sexual e persoalmente vai fortalecer a confianza en nós mesmas e nas demais persoas [...]



Scott Roeder, defensor da vida, asasinou o 31 de maio a George Tiller, xinecólogo de 67 anos, director médico dunha das tres clínicas que en USA ofrecen a posibilidade de abortos terapéuticos a mulleres en avanzado estado de xestación.

Scott Roeder, o asasino, pertence a un grupo antiabortista que xustifica matar a quen o practica.

secular exercida polo patriarcado que considera as mulleres cidadás de segunda clase cuestionando continuamente a súa capacidade para razoar, reflexionar e ser consecuente cos seus actos, ideas e formas diversas de entender a vida.

O anteproxecto non garante o rol fundamental da educación sexual desde crianzas como importante método de prevención da gravidez indesexada, e polo tanto como método inicial para evitar o aborto. Para a Marcha a coeducación afectivo-emocional e sexual é un dos motores principais nos que baseamos a nosa proposta de solucións e non sería posíbel renunciar a maior calidade e implantación posíbel da mesma no sistema educativo. Tamén se encontrou insuficiente e inconcreto o apartado referente á obxección de conciencia e tampouco é claro se se vai garantir que todo o proceso do IVG vaia ser feito na sanidade pública. Isto, unha vez máis non estaría a responder aos puntos reivindicativos que propoñemos, xa que para nós é fundamental que a información, asesoramento e realización do IVG sexa feita sempre na sanidade pública, que non exista discriminación xeográfica e que os dereitos das mulleres sexan respectados en todo momento.

Porque consideramos fundamental facer un seguimento deste anteproxecto que só podería ser aprobado no Es-

As mulleres somos conscientes da necesidade de traballarmos xuntas nunha loita que se presume longa e ardua [...]

tado español e de exercer presión para que se afinen os matices e cumpran así as reivindicacións da Marcha, dos 30 colectivos e das 1040 persoas que asinaron a campaña, estamos a apoiar dúas iniciativas estatais «Mujeres ante el Congreso» e «Nosotras decidimos», das que iremos informando periodicamente.

O 31 de maio, na praza da Quintana de Compostela as mulleres da Marcha Mundial da Galiza xuntámonos para elaborar un maio e unha alfombra floral, algo tan tradicional da nosa terra todas as primaveras. Reivindicación alegre e festeira, con cántigas, lectura de poemas e distribución de material de divulgación.

Infelizmente neste mesmo día era asasinado por un activista do movemento pro-vida dos Estados Unidos, o doutor e defensor dos dereitos das mulleres, George Tiller, despois de anos de sufrir coaccións e violencia el, a súa familia e a clínica na que traballaba. Após a súa morte, a familia decidiu fechar as portas da clínica, unha das poucas do país que realizaba ivg despois das 12 semanas e selectivos despois das 22 se-

manas. Fican as mulleres máis desproteixidas e evidénciase a necesidade dun sistema sanitario público que garanta os dereitos das mulleres e das profesionais que as atenden.

As mulleres somos conscientes da necesidade de traballarmos xuntas nunha loita que se presume longa e ardua e é por iso fundamental propiciar un diálogo real entre todas as feministas do país e criar e fortalecer lazos de comunicación e entendemento entre nosoutras e coa sociedade en xeral, co fin de exercer presión social e influír nas políticas da Galiza e do Estado. Pode ser unha tarefa complicada e difícil, debido á diversidade do noso movemento feminista, que é unha gran riqueza que temos que recoñecer e valorar, mais con certeza non é esta unha tarefa imposible, pois no final todas temos o mesmo obxectivo: a defensa dos dereitos das mulleres ■



Aborto libre, de que liberdade falamos?

ISAURA GRAÑA

Aborto libre, pero que quere dicir exactamente *libre*? Que queren dicir as feministas cando din isto?

Como consigna mola: Breve, clara, rotunda. Sempre, alí onde o adxectivo *libre* estea presente semella que se abre e espalla a posibilidade de medrar, de crear, de ser, de respirar. Gústame.

Aborto libre... que ninguén poña trabas, que ninguén atranque, que calquera muller poda abortar cando, como e onde queira. Sen límites.

É isto o que se quere dicir hoxe con aborto libre?

Á hora de regulamentar nunha lei, poñamos por caso, o aborto, como todas as outras cousas deste mundo, cae polo seu peso que hai que marcar límites e fixar fronteiras: que si, que non, de que xeito. As leis, vaia!

No caso da interrupción voluntaria do embarazo tocamos cuestións delicadas e zonas sensibles. E non parece razoable pasar isto por alto.

Non ignoro o drama de tantas mulleres –adolescentes ou non e desde logo inmigrantes– que se ven implicadas nun embarazo non desexado e todo son muros para acceder a súa interrupción nas mellores condicións sanitarias, de gratuidade, tranquilidade e intimidade.

Non ignoro isto e aquí hai que dar batallas: acceso igualitario e por lei na sanidade pública a decisión da muller. Si e por suposto que as mozas de 16



anos teñen que ter recoñecida a posibilidade de decidir de seu. Para nacionais e para inmigrantes, naturalmente.

Pero volvamos ao de libre...

Cando xa é posible a viabilidade fetal, falo dun embarazo avanzado (estímase que a partir das 22-24 semanas o feto desenvólvese autonomamente á marxe da nai), defenderíamos o aborto libre? Non é dos embarazos avanzados con malformacións non detectables ou ante riscos severos para a saúde da nai do que falo. A pregunta é: deféndese o aborto libre en todo tempo e circunstancia? Aborto nun embarazo de seis, sete, oito meses? Deféndese que a lei propuxese isto?

Creo que esta cuestión é algo que as feministas poden pensar seriamente e non seguir repetindo consignas que tiveron as súas virtudes nun momento, pero que poden perder a súa capacidade de mover e gañar persoas á causa do dereito ao aborto, se non se atina, afina e matiza.

O dereito ao aborto é moi importante e forma parte dos dereitos reprodutivos das mulleres, da súa/nosa capacidade de decidir de nós, da nosa maternidade e do noso corpo e hai que arremeter contra a xerarquía da Igrexa católica e todos eses ultras e fanáticos teimudos en que as mulleres sigamos sendo natureza, *a súa natureza*. (Por que todos estes cisman dicindo que van de-

fender e apoiar ás nais só no momento en que se fala de aborto? Escoitáchedes á nova xunta de Feijoo9?)

É moi importante, porén precisamos tamén reflexionar sobre os dereitos das mulleres. Estes, como todos os outros dereitos, non son nunca absolutos. Son, mentres non entren en colisión con outros bens e con outros dereitos, que precisan de igual xeito ser protexidos. Isto obriga, precisamente, a regular e fixar por lei.

De aí que sexa tan importante que á hora de reivindicar, loitar, esixir a respecto do aborto propoñamos, xunto coas críticas que estimemos oportunas ao proxecto de lei do Goberno, propostas medidas en troca de seguir repetindo aborto libre. Queda moi bonito, porén non axuda nada.

Outro día, noutra ocasión, virei co *Eu decido, nosoutras decidimos...* Tamén hai algunha materia para a reflexión e debate. Paréceme menos urxente ■

Pilar Farjas, conselleira de Sanidade propúxose reducir a taxa de interrupcións voluntarias de embarazo apelando á «sexualidade responsable» da mocidade. E se a prevención non funciona o Goberno galego comprométese a prestar apoio ás futuras nais.

Oia, dona Pilar Farjas... non debería preocuparse por reducir a taxa de embarazos non desexados?

Que é iso de reducir a taxa de interrupcións voluntarias de embarazo?

Obrigarán vostedes a parir a quen queira abortar?

Inducirán vostedes a parir con ofertas económicas (apoyo a futuras nais) e con campañas que fomenten «actitudes

positivas de cara á maternidade»?

Se se está a pensar na prevención do embarazo non desexado teñen bastante faena:

- ▶ Información e formación sexual nos centros escolares e na TVG en horario acaído.
- ▶ Información anticonceptiva.
- ▶ Dispensar a pílula postcoital.

A súa sexo-fobia cóaselles en calquera ocasión.

O apoio as nais e aos pais ten que ser para promover servizos de gardería, comedores, compatibilización coa xornada laboral..., e non por botarlle discursos sobre a maternidade positiva de cara aos curas..., que parecen vostedes curas.

Polo dereito ao aborto

OUTRAS VOCES FEMINISTAS

1. As mulleres que formamos a corrente de opinión **Outras Voces Feministas** estamos indignadas ante a actitude da xerarquía da Igrexa católica que estes días e en relación ao aborto non deixa de manifestar o peor de si mesma: a mentira e o engano dunha campaña fraudulenta e millonaria, pagada co diñeiro público que recibe; o seu desprezo cara ás mulleres que abortan (ás que desexa o cárcere); a enumeración de argumentos sobre o inicio da vida humana, retrotraéndonos aos anos oitenta; o seu menosprezo a organismos como a ONU ou a OMS no que se refire aos métodos anticonceptivos e especialmente ao uso do preservativo masculino, en liña coas declaracións xenocidas de Benedito XVI en África en relación á SIDA...

E, como non podía ser menos!, xunto á Conferencia episcopal, o Partido Popular. Un partido que, en materia de aborto, de súpeto volve a ser o máis firme defensor da legalidade vixente que, segundo eles, non necesitaba ningunha modificación. Crerán que somos amnésicas e que nos esqueceu que foi Alianza Popular (matriz do PP), quen presentou un recurso de inconstitucionalidade que atrasou dous anos a posta en práctica da lei de aborto aprobada nas Cortes en 1983? Un partido que, durante dúas lexislaturas ocupou o go-

verno central deste país (unha delas con maioría) e non cambiou nada de nada a lei. Onde estaba entón a Conferencia Episcopal?

En *santa comunión* cos anteriores, case mil asinantes dunha pomposamente chamada **Declaración de Madrid**, e malia contar con títulos universitarios todos eles, dan as costas neste manifesto ao demostrado dabondo pola investigación científica internacional, ao defendido polas sociedades científicas, etc. Isto pasa por investigar deixándose levar polos prexuízos relixiosos...!

2. Moitas das que formamos Outras Voces Feministas militamos nos grupos feministas da segunda metade dos anos setenta e participamos activamente na Campaña polo dereito ao aborto do movemento feminista de entón. O que estamos vivindo estes días é coma se o túnel do tempo nos levase a aqueles anos. Quen nolo ía dicir! Pero se hai que volver a airear e defender aquelas ideas volverémolo facer. Aí van!:

► Defendemos a vida e queremos que sexa un valor na nosa sociedade. Pero non a vida en abstracto, senón as vidas concretas coa súa diversidade de expresións. Por iso apostamos por unha vida digna para as criaturas; queremos que cheguen ao mun-

do sendo queridas, desexadas; que poidan ser atendidas, coidadas, alimentadas... e non como froito dun erro ou un accidente. E ademais impórtannos en igual medida, as vidas das mulleres, vidas que se poñen en risco cun aborto clandestino ou que han de viaxar a outros países para poder abortar. Seica a vida destas mulleres non importa...?

► O aborto ten unha longa historia: unhas veces foi tolerado, outras legalizado e outras penalizado. As prohibicións nunca conseguiron evitalos, senón só convertelo nun procedemento de alto risco para a saúde, a vida e a liberdade das mulleres.

Malia o devandito anteriormente, vivimos nunha sociedade plural e plurais son as opinións e valoracións que se fan sobre o aborto. Para algunhas persoas, a vida e as decisións dunha muller han de ter idéntica consideración e equipararse en dereitos á vida en xestación, desde o mesmo momento da concepción, e ata antes dela (xa que algúns se opoñen, ata, ao uso de métodos anticonceptivos e de prevención de infeccións de transmisión sexual). E ademais consideran que o conxunto da sociedade debe compartir eses mesmos criterios.

Non parecen preocuparlles as consecuencias para as criaturas nadas non

sendo desexadas e para a saúde e a vida das mulleres.

Para outras persoas, entre as que nos atopamos as de **Outras Voces Feministas**, a decisión das mulleres sobre se optan ou non ser nais é unha cuestión individual sobre a que lles corresponde decidir a elas mesmas en función de diversos factores: a súa situación, a súa ética, as súas crenzas ou a ausencia delas, as súas opcións... Ninguén ten dereito a impoñernos as súas crenzas e opcións. A lexítima e necesaria protección da vida en xestación cremos que non debe prevalecer sobre os dereitos das mulleres a decidir sobre o seu propio corpo, sobre a súa vida, sobre se queren ser nais ou non e en que momento da súa vida.

3. En canto á proposta na que traballa o Goberno central consideramos o seguinte:

▶ Alégranos que se decida por un sistema combinado de prazos e indicacións.

▶ Compartimos a opción de rebaiñar a idade de consentimento á establecida na Lei 41/2002 da autonomía do paciente, que fixa como idade de consentimento os 16 anos, e ata menos con autorización xudicial, se esta determinase a madurez e capacidade da menor. E iso por unha cuestión de coherencia legal coa idade de consentimento esixida para casar (16 –e ata 14, con autorización xudicial–, ou para o inicio das relacións sexuais, 13 anos). Trátase ade-

mais dunha decisión de carácter persoal, na que nais e pais poden aconsellar, acompañar, apoiar... Non parece que substituír ou obrigar a unha menor a ser nai en contra da súa vontade sexa un bo camiño, tendo en conta que será esa menor a que deberá facerse responsable no futuro da decisión que tomaron por ela ou na súa contra.

▶ Non estamos de acordo con que as 14 semanas sexa o prazo para o aborto a decisión da propia muller, sen que necesite o visto bo de ninguén máis. Aínda que é certo que, segundo as estatísticas publicadas anualmente polo Ministerio de Sanidade e Consumo, máis do 80% das mulleres que abortan fano antes das 12 semanas, por que fixarse un límite tan curto como as 14 semanas e non o da viabilidade fetal (22-24 semanas, segundo a OMS) que incluírían a case todas as mulleres, quedando as indicacións para moi poucos casos posteriores como cando hai serio perigo para a vida ou a saúde da muller embarazada...?

▶ Cando hai tantas malformacións e lesións fetais logo das 22 semanas, por que manter ese límite para os abortos por malformación fetal. Por que nestes casos só se poderá abortar se consta un informe coa inviabilidade fetal? O Goberno e particularmente as autoridades sanitarias saben que poucos facultativos se arriscan a asinar esta incompatibilidade do feto coa vida e que son precisamente estas as mulleres que nos últimos anos se viron obrigadas a ter que ir abortar legalmente a

Francia, Gran Bretaña e ata aos EE. UU. porque aquí ninguén se facía cargo da súa dor, do seu desamparo, nin da súa desprotección.

▶ Se o Goberno se inclina por fixar tres días de reflexión para toda muller que solicite un aborto e antes de que se lle sexa realizado co fin de lle explicar as axudas que tería se levase o seu embarazo a termo, estaremos de novo ante a consideración das mulleres como as eternas menores de idade que necesitan protección ata para as cousas máis elementais. Como se unha muller que quere ter unha criatura, tendo poucos medios, non soubese onde acudir para pedir axuda! Unha vez máis, a imaxe das mulleres incapaces de tomar decisións por nós mesmas e necesitadas, polo tanto, de tutelas para facelo. Atacando imos ter que soportar esta minoración de idade contra a que se levantou o movemento feminista nos seus primeiros anos e ademais agora da man dun goberno socialista?

Se non fose tan serio este asunto, poderíamos pensar que se trata dunha tomadura de pelo. Ou é que o Goberno pensa que con tan publicitado cheque-bebé e catro migallas máis as mulleres embarazadas que demandan unha interrupción voluntaria do embarazo xa se van botar para atrás? Ademais, non é un pouco forte que esa información das case inexistentes axudas, en lugar de que estea en mans da cidadanía en xeral polos diversos medios públicos, se lles suxira ás mulleres que xa decidiron abortar...?

NADA NOS INTERESA
MÁIS QUE O GALEGO.
NINGUÉN NOS INTERESA
MÁIS CA TI

ASÓCIA-TE

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
Campo do Clowen do Gao, 7 - 1º - 15705 Santiago de Compostela - Tel 981 56 38 85 / www.aresant.org

Nome:
Apelidos:
Endento
C.P.
Tel:

Localidade:

Cuota anual: | 30.05 euros.
12.02 euros. Estudiantes e parados

Carca/Banco Sucursal DC

c/lo libreta de aforro

Nome da entidade:

Enderezo:

► Cremos que é necesario e urgente a regulación da obxección de conciencia, pero sempre garantindo a prestación do servizo de interrupción voluntaria do embarazo en todos os centros do Sistema Público de Saúde. De non ser así, seguiremos como estamos: as mulleres ás clínicas privadas acreditadas e a maioría delas tendo que pagar a prestación.

► Somos partidarias de que esta prestación sanitaria, do mesmo xeito que outras, estea garantida na sanidade pública e con iguais condicións de acceso e cobertura en todas as comunidades autónomas e que acabe xa a vergonzosa desigualdade que se dá agora. Non se nos escapa que para que isto sexa posible cómpre moita vontade e o investimento de innumerábeis recursos e esforzos: desde a modificación dos planos de ensino que inclúan o aborto, ata a adecuación de centros ambulatorios e hospitalarios para a atención desta demanda, que é moi particular en relación a outras. Sen esquecer que as competencias en materia sanitaria hai anos que están en mans dos gobernos autonómicos...

► En canto ao alcance da reforma no Código Penal é innegable e positivo, como saudabamos ao principio, que optar por un sistema de prazos máis indicacións alivia moito a situación. Pero mentres se mantéña o actual artigo 145 do CP a alegría remata cedo. E non vale con que portavoces gobernamentais enchan a boca dicindo que ningunha muller irá a prisión por abortar, porque o que non din é que si poderá ser condenada (a multa ou a súa substitución con prisión se non a paga ou a inhabilitación para exercer os seus dereitos cidadáns, etc.). E, que pasará cos profesionais que practiquen eses abortos? Poderán ser condenados, ademais das inhabilitacións profesionais e cidadás, a penas de prisión. En que quedaron as garantías xurídicas tan cacarexadas por D.^a M.^a Teresa Fernández de la Vega cando hai máis dun ano rebentou socialmente o tema do aborto?

4. O crecemento das cifras de abortos revélanos tamén o fracaso e os límites da educación sexual que se está a levar a cabo no noso país. Escasa, prohibida de feito en moitos IES e orientada case en exclusiva á información biolóxica e anticonceptiva. Non está encamiñada a recoñecer a diversidade de expresións da sexualidade humana nin a fomentar na sexualidade os mesmos valores que consideramos esenciais noutros contornos das relacións interpersoais e sociais, como a igualdade, a autonomía –entendida como ter capacidade, saber decidir e ser responsábeis coas decisións que se adopten–, ou o coidado de nós e de quen nos rodea.

Malia quen non ven máis que miserias na sexualidade humana, esta é unha fonte de pracer, de gozo e satisfacción. Necesitamos máis educación sexual e moitos cambios no enfoque co que se realiza actualmente. Educación sexual non só no ensino regulamentado, senón tamén campañas dirixidas ao conxunto da sociedade e, en especial, aos sectores en situación de maior vulnerabilidade. Campañas que non só informen, que reforcen valores, que permitan avanzar no respecto á diversidade de formas de vivir a sexualidade e tamén no respecto á diversidade de opcións e comportamentos ante un embarazo non planificado.

5. O Goberno socialista, oxalá nos equivocásemos!, está perdendo unha vez máis a ocasión de dar solución ao problema do aborto no noso país. A falta de valentía coa que está afrontando esta responsabilidade gobernamental (que sabemos non é nada fácil) deixándose amedrentar pola Conferencia episcopal e o Vaticano por medo a perder un determinado electorado (e canto perderán polo outro lado?) fainos desconfiar en milagres de última hora.

As Conclusións da Sub-comisión do Congreso dos Deputados contiñan ele-

mentos bastante máis avanzados cás das Comisión de Expertos. Parece que o Goberno se está a apoiar máis nestas últimas.

O certo é que, como di o refrán: para esta viaxe non cumprían estas alforxas. De feito, se comparamos a lexislación actual coa que se prepara, o saldo non é positivo:

1. Coa despenalización parcial actual, en caso de **grave perigo para a vida ou a saúde da embarazada**, pódese abortar *sen prazo*. Coa que vén, non.
2. Actualmente, nos casos de grave malformación ou lesión fetal de máis de 22 semanas, a muller pode abortar acolléndose ao suposto de **grave perigo para a vida ou a saúde da embarazada**.

A experiencia acumulada en 1983 (ano da aprobación nas Cortes da despenalización parcial do aborto seguida do recurso de AP ante o Tribunal Constitucional) e en cada unha das ocasións nas que algún goberno socialista anunciaba a súa intención de ampliar a legalidade vixente, revela o mesmo: dá igual que se pretenda mover un só ápice ou o texto completo. A Conferencia episcopal, os mal chamados pro-vida (nas súas máis diversas variantes) e o Partido Popular saltan coma se lles tocaran as esencias e, máis ou menos, organizan a mesma marimorena. Cos mesmos contidos enganosos, fraudulentos, hipócritas... O Goberno de Zapatero debería ter aprendido e, ao noso parecer, apoiándose nas mulleres, nas organizacións feministas, na cidadanía partidaria da ampliación da lei (maioritaria, segundo as enquisas), nas sociedades científicas, intelectuais..., progresistas, nas forzas sindicais, sociais e políticas de esquerda, na existencia dun Estado aconfesional, apoiándose con firmeza e sen dúbidas, terse enfrontado a unha xerarquía católica rancia que quere perpetuarse e perpetuar os seus privilexios, caia quen caia no camiño ■

En contra da utilización ideolóxica dos feitos científicos

Mentres o Goberno preparaba o borrador da lei do aborto, un grupo denotado de científicos antiabortistas fixo público o Manifesto de Madrid «En defensa da vida humana na súa etapa inicial».

O manifesto, asinado por científicos, pretende coar posicións ideolóxicas como conceptos científicos probados.

En resposta, outro grupo tamén denotado de científicos promoven a carta que aquí reproducimos.

As persoas abaixo asinantes investigadores científicos, subscribimos o presente manifesto para saír ao paso da crecente utilización ideolóxica e partidista da ciencia e a investigación científica en relación ao debate suscitado en torno ao anteproxecto de lei de interrupción voluntaria do embarazo.

Os datos científicos dispoñibles sobre as etapas do desenvolvemento embrionario son feitos obxectivos, cuxa interpretación e difusión deberían estar exentas de influencias ideolóxicas ou crenzas relixiosas. Por iso, denunciámos o reiterado uso do termo *científico* ao se referir a opinións sobre as que nin a Xenética, nin a Bioloxía Celular nin a Embrioloxía teñen argumentos decisivos. O momento en que pode considerarse humano un ser non pode establecerse mediante criterios científicos; o coñecemento científico pode clarificar características funcionais determinadas, pero non pode afirmar ou negar se esas características confiren ao embrión a condición de ser humano, tal e como se aplica aos individuos desenvolto da especie humana. Isto entra no ámbito das crenzas persoais, ideolóxicas ou relixiosas.

Os científicos, como o resto dos cidadáns, temos a liberdade de adoptar en función das nosas ideas e crenzas posturas persoais fronte a calquera iniciativa legislativa, que habrá de ser finalmente aprobada polo Parlamento da nación, pero consideramos importante evitar que se confunda á sociedade, contaminando problemas de carácter social, e polo tanto de convivencia, con argumentos aos que a ciencia non outorga lexitimidade.

Xoves, 21 de maio de 2009, ás 21:23 h

Ata ese momento uníronse a este comunicado 1981 persoas (por orde alfabética):

Jesús Ávila, profesor de Investigación do CSIC. Premio Nacional de Investigación. **Carlos Belmonte**, catedrático de Fisioloxía, Premio Nacional de Medicina. **José Borrell**, profesor de Investigación do CSIC., Ex director do Instituto Cajal. **Amparo Cano**, catedrática de Bioquímica. **Roberto Gallego**, catedrático de Fisioloxía. presidente da Sociedad Española de Neurociencias. **Elena Hernández Sandoica**, catedrática de Historia. Ex vicerrectora da UCM. **Fernando Hiraldo**, profesor de Investigación do CSIC, Director da Estación Biológica de Doñana. **Vicente Larraga**, profesor de Investigación do CSIC, Director do Centro de Investigaciones Biológicas. **Juan Lerma**, profesor de Investigación do CSIC, Director do Instituto de Neurociencias. **Carlos López-Otín**, catedrático de Bioquímica, Premio Nacional de Investigación. **Ginés Morata**, profesor de Investigación do CSIC, Premio Príncipe de Asturias. **Federico Mayor Menéndez**, catedrático de Bioquímica. **M. Ángela Nieto**, profesora de Investigación do CSIC, Premio Cobos de Investigación Biomédica. **José Luis Peset**, profesor de Investigación do CSIC. **Pere Puigdomenech**, profesor de Investigación do CSIC, Membro do Comité de Bioética del CSIC. **Jaime Renart**, investigador científico do CSIC. **Jesús Sebastián**, investigador científico do CSIC.



O uso do preservativo nos medios de comunicación: De Grease a Lie with me

IVE

Unha das críticas que xurde ao falar da nova regulamentación española respecto da pílula postcoital, a disposición das mulleres a partires de setembro nas farmacias por un prezo en torno aos 20 €, é a posibilidade de que as mulleres máis novas a confundan cun método anticonceptivo, e, en lugar de usala en situacións de risco a utilicen de xeito habitual. É innegable, a medida é moi positiva, porque é necesario garantir a todas as mulleres o acceso á pílula postcoital nunha situación de emerxencia ante a posibilidade dun embarazo non desexado. Pero tamén é certo que a responsabilidade no seu uso, así como a educación sexual (non só en anticoncepción) é unha materia pendente na nosa sociedade. Non é tarefa única de gobernos e institucións públicas,

centros educativos e socioculturais a mellora en materia da educación sexual e evitar así a extensión do analfabetismo sexual, mais tamén deberían comprometerse aqueles axentes sociais tan visibles como os medios de comunicación. O que sabemos de sexo aprendémolo, antes de experimentalo, en gran medida, a través dos medios de comunicación. A televisión, o cine e Internet.

En gran cantidade de películas pornográficas, sempre obxecto de polémica, actores e actrices non usan preservativos durante as rodaxes, cuestión problemática non só polos hábitos que poidan difundir na sociedade, mais tamén pola súa propia saúde. En 2004 un actor cuxo análise de VIH dera negativo tres días antes, contaxiou a tres das ca-

torce actrices coas que actuou. O Goberno de California, estado onde se atopa a meca do cine porno, barallou a posibilidade de impor o uso do preservativo nas rodaxes deste tipo de filmes, pero as produtoras ameazaron con abandonar Hollywood se isto sucedía: «O problema básico é que ao noso público non lle gusta ver preservativos» afirmou o produtor de filmes Mark Kulkis, presidente da compañía Kick Ass e un dos que ameazou coa súa marcha. Sen embargo, en Brasil, país cunha produción de películas pornográficas só superada polos EE. UU., no 80% dos filmes utilízase preservativo, isto sen contar cunha política oficial reguladora.

Do mesmo xeito que se regulan as escenas nas que se fuma en películas e



[...] un estudo realizado pola Universidade de Vigo: a xuventude utiliza os condóns nas relacións coito-vaxinais e non nas relacións coito-orais ou anais

series de televisión debería suceder coas escenas de sexo, sobre todo naqueles produtos audiovisuais orientados a un mercado xuvenil.

Nas películas non pornográficas tampouco abonda o uso dos condóns e si as relacións sexuais de risco, presentadas dun modo ideal, case bíblico e moi moral. As escenas de sexo son románticas e misioneras. A gran maioría, aínda que por fortuna existen momentos filmicos brillantes. *Último tango en París* foi un filme polémico e aclamado polo seu erotismo e por amosar abertamente un tipo de relación sexual condenada socialmente, a relación sexual non afectiva e o sexo anal. Había manteiga, pero non condóns. Claro que eran os setenta e non os noventa. Sen embargo, tamén nos setenta, pero con seis anos de diferenza, en 1978, atopamos outra película que tamén causou sensación, pero ben distinta á de Bertolucci. Refírome ao musical *Grease*.

Nesta película para adolescentes, malia que de feito paradoxal só dous dos actores eran menores de 20 (pola contra a maior parte do reparto era maior de 25, Olivia Newton Jonh tiña entón 33 anos, Travolta, 27), hai unha escena de sexo peculiar. Rizzo e Kenickie están na parte traseira do coche deste bicándose e tocándose. Kenickie vai poñer un condón que desafortunadamente rompe. Rizzo, contrariada, pregunta cales son as alternativas, ao que Kenickie responde referíndose ao chuveiro de seu irmán pequeno gardado no maleteiro do coche. Rizzo ri, abraza e bícao. A solución: unha relación sexual de risco. Pero non houbo polémica. *Grease* foi unha película para adolescentes, un musical ambientado nos anos cincuenta, pero rodado en 1978, inocuo e inxenuo, que quería amosar unha realidade, aínda que a nós iso do comedor autoservicio, as bandas de mozos e mozas e os grupos de animadoras nos quedase tan lonxe. Días despois do encontro na parte traseira do coche, Rizzo confesa o seu temor a estar embarazada. Pero final e felizmente todo era unha falsa alarma. Iso si, o temor maior é sempre o embarazo, non as enfermidades de transmisión sexual. Tanto nos cincuenta, nos setenta, como no 2009, o maior temor e a finalidade coa que se usan os preservativos é para prever un embarazo non desexado, as enfermidades son problemas secundarios, ou tan descoñecidas e tabú que non se nomean (así é que Antonio Vega morreu dunha pneumonía). Isto confirmao un estudo realizado pola Universidade de Vigo: a xuventude utiliza

os condóns nas relacións coito-vaxinais e non nas relacións coito-orais ou anais.

Na actualidade, no cine e na televisión atópanse excepcións que non deixan de sorprendernos. Se nas series para adolescentes hai momentos nos que as personaxes pasan por dificultades a nivel sexual –a primeira vez, a identidade ou o embarazo non desexado, malia que os preservativos non son habituais–, no cine a cousa é máis complexa. Así, nos filmes que indico a continuación, e que recomendo, atopamos cuestións como a intersexualidade, en *XXY* de Lucía Puenzo ou a prostitución, en *Irina Palm* de Sam Garbarski, ambos con escenas sexuais chocantes e atípicas. E na canadense *Lie with me: El diario íntimo de Leila* de Clément Virgo obsérvase o uso do preservativo de xeito claro e explícito, exemplo do que debería ser habitual no cine e na sociedade ■



Bibliografía:

- «Cine porno dejará Hollywood si se obliga uso del condón», en *El Siglo de Torreón*, (22/04/04) <http://www.elsiglodetorreon.com.mx/noticia/84557.cine-porno-dejara-hollywood-si-se-obliga-uso.html>
- «El poco uso del preservativo en el cine porno fomenta el contagio», en *Perfil* (06/01/08) <http://www.diarioperfil.com.ar/edimp/0223/articullo.php?art=5083&ed=0223>
- «En esta película se fuma», *Público* (20/06/09) <http://www.publico.es/ciencias/227470/pelicula/fuma>

Se ofrece gallega...

Solimán, el renegado,
es mi hijo natural;
por parirlo con recato,
al monte lo eché a criar;
me lo criaron villanos
con leche de caridad...
¡Doncella que tenga un hijo
a pechos lo ha de criar!

(Romancero)

Piensen las amas de cría,
piensen y no piensan bien,
piensan que son señoritas
y son burras de alquiler¹

PATRICIA ARIAS CHACHERO

«Se ofrece gallega soltera, 21 años, con leche de mes y medio, desea para casa de los padres, dentro o fuera de la capital».

Ofrecimientos deste tipo eran perfectamente naturais nas páxinas dos xornais madrileños de finais do século XIX e comezos do XX. En 1858 no *Diario de noticias* atopamos anunciadas un total de 37 amas de cría que fan explícita a súa condición de galegas, cinco anos despois a cifra aumentará até chegar ás 65.² O conxunto destes

¹ MONTALBÁN, R.: «En la calle de Toledo», *El corro de las niñas: Sesenta canciones infantiles para piano con letra*, Madrid, Casa Romero, 1894.

² ESPINA PÉREZ, P.: *Historia de la inclusa de Madrid: Vista a través de los artículos y trabajos históricos, años 1400-2000*, Madrid, Defensor del Menor de la Comunidad de Madrid, 2005, disponible en Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://descargas.cervantesvirtual.com/servlet/SirveObras/01593296435693984122257/022401.pdf>



Ter unha ama de cría ou nodriza –nótese a relación da palabra co verbo nutrir– foi durante moito tempo, unha marca de distinción social e un claro indicativo de bonanza económica [...]

textos conforma un sorprendente documento asinado por milleiros de anónimas mans que durante xeracións venderon o leite dos seus seos para alimentar aos pequenos das familias economicamente máis desafogadas. Eran, xeralmente, rapazas novas e en moitas ocasións solteiras que procedían dos sectores sociais máis humildes.

Xa no século XVIII, o ilustrado Martín Sarmiento facíase eco deste costume que non dubida en considerar deplorable.

Ben crerei que haxa ocasións en que sexa indispensable entregar os nenos a amas de leite. Pero *ab initio, non fuit sic*. O luxo e luxuria das señoras ricas introduciu ese malo costume de abandonar as nais os seus fillos a amas de leite. O feito é que inda hoxe as mulleres pobres dan leite a seus fillos.³

Ter unha ama de cría ou nodriza –nótese a relación da palabra co verbo nutrir– foi durante moito tempo, unha marca de distinción social e un claro indicativo de bonanza económica; e todo tipo de razóns estéticas e sanitarias xustificaban a contratación dos servizos destas mulleres. As que máis sona alcanzaron procedían do Val do Pas, pero nin todas as pasiegas eran amas nin, por suposto, todas as amas eran pasiegas. As galegas como o resto das mulleres naturais da cornixa cantábrica, foron moi apreciadas na capital, onde a procedencia convertíase nunha sorte de garantía de fonte nutricia coa que asegurar unha boa crianza, envolta en saúde e abundancia.

No *Código de las siete partidas*, atribuído a Afonso X, o *Sabio*, atopamos un antigo testemuño que recolle as características que desde a Idade Media, se supuña debía reunir toda boa ama de cría.

Deben haber buenas amas que hayan leche asaz e sean bien acostumbradas e sanas e fremosas e de buen linaje e de buenas costumbres e señaladamente que non sean muy sañudas. Ca hobieren abundancia de leche o fueren ben complidas e sanas crían los niños sanos e recios, e si fueren fermosas e apuestas amarlas han más los criados.

Ao longo destas liñas pretendemos reunir unha pequena mostra da pegada deixada na literatura por estas galegas que, en desiguais condicións e circunstancias, se dedicaron a aleitar os descendentes doutras. O razoable será que comecemos por repasar algúns dos nosos principais textos etnográficos por ver de atoparmos neles algunha alusión a respecto da lactación.

Vicente Risco na *Historia de Galiza*⁴ dirixida por Ramón Otero Pedrayo afirma que:

Moitas veces, o neno non empeza mamando sinón que, namentras o leite da nai non serve, danlle auga con azucre, leite da vaca rebaixada con auga, ou nada. Nalgúns

lados, como na Arnoia, fanlle unha sorte de chupete con manteiga de vaca e azucre, envolto nun trapo e métenllo no bico pra que vaia zugador pouquiño e pouco. Esto lévase de creeren que o primeiro leite da nai non lle fai ben. Outros, en troque, pensan que o debe mamar porque lle sirve de purgante e venlle ben.

Un pouco máis adiante engade:

É moi común que nos dous ou tres primeiros meses non tome máis que o peito, e tamén unhas pinguiñas de viño, que lle dá a nai, por exemplo, na Arnoia, metendo un cuberto no viño e dándollo a zugar. Creen que o viño lles dá forza.

A tendencia é a comezaren aixiña a dar ós nenos mantenza sólida, é, doutra banda, a que sigan mamando moito tempo. En moitos sitios, á pouco de nacer, xa lle dan, ademais do peito, papas de millo feitas en leite e, ó mes, patacas e berzas do caldo esmagadas, e medio vaso de viño, pra que crie con boas cores.

Xosé Fernández Oxea en *Santa Marta de Moreiras* dedícalle pouco espazo ao asunto pero deixa dito que:

Ó nacer a criatura lávase e dáselle un pouquiño de chocolate, ou ben dalle de mamar outra muller, entramentras que a nai non pode facelo.⁵

De lles facermos caso a Risco e a Ben-cho-Shey semella que pese a sona madrileña, a lactación non era a principal fonte de alimentación infantil na



³ SARMIENTO, M.: *La educación de la juventud*, Salamanca, Xunta de Galicia, Servicio Central de Publicacións, 1984, páx. 48.

⁴ OTERO PEDRAYO, R. (dir.): *Historia de Galiza. A terra. O home-I*, Buenos Aires, Editorial Nós, 1962, páx. 498.

⁵ FERNÁNDEZ OXEA, X. R.: *Santa Marta de Moreiras. Monografía dunha parroquia ourensán (1925-1935)*, Vigo, Castrelos, 1968, páx. 301.



Ao longo destas liñas pretendemos reunir unha pequena mostra da pegada deixada na literatura por estas galegas que, en desiguais condicións e circunstancias, se dedicaron a aleitar os descendentes doutras



sociedade tradicional. Isto leva a que nos preguntemos que era o que sucedía nas nosas aldeas para que as pequenas e pequenos deixasen de mamar a temperá idade cando o natural e o máis práctico era que as mulleres aleitaran durante dous ou tres anos. Evidentemente non é acertado atribuír tal comportamento a preocupacións estéticas ou sanitarias e talvez a razón haxa máis ben que buscala na inadecuada e/ou insuficiente alimentación das nais, que provocaría que non tivesen leite suficiente ou de calidade, contradicindo abertamente a crenza e a fama da que gozabamos na capital.

Busquemos un primeiro exemplo de ama natural de Galicia na literatura naturalista e comprobaremos que o modelo debuxado si cadra perfectamente con esa imaxe de abundancia e saúde. Emilia Pardo Bazán fai que o marqués dos Pazos de Ulloa, preocupado ante a eminente paternidade, interroga a un dos seus máis fieis servidores:

—Diga, Máximo..., parécelle que a miña muller poderá criar?⁶

O interrogado bótase a rir e responde rotundo:

—Esa función augusta esixe complexión moi vigorosa e predominio do temperamento sanguíneo... Non pode criar a señora.

Os dous homes buscan entón na contorna unha ama de cría. A elixida será a filla do caseiro, a quen Máximo non dubida en comparar cunha gran vaca.⁷ O paralelismo malintencionado

⁶ PARDO BAZÁN, E.: *Los pazos de Ulloa*, Barcelona, Crítica, 2001.

⁷ *Ibidem*, páx. 145.



No XVII promulgouse unha lei que prohibía aleitar a máis de seis cativos a un tempo, a medida pretendía paliar o exceso de traballo ao que se viran abocadas moitas mulleres que pretendían compensar así unha precaria economía familiar

establecido entre estes animais e as oriúndas da esquina noroccidental supoñemos resultaba difícil de ignorar para a sociedade española da época.

A ama da filla de Nucha e o marqués era, en palabras da Pardo Bazán:

Un tonel cheo de leite que estaba alí para aplicarlle a espita cando fose necesario, e soltar o chorro: nin máis nin menos. A comparación do tonel é exactísima: a ama tiña feitura, cor e intelixencia de tonel. Posuía tamén, como os toneis, un ventre magno. Daba gozo vela comer, mellor dito, engulir.⁸

Na mesma liña está o personaxe que atopamos en *Mi idolatrado hijo Sisi*,⁹ onde Miguel Delibes fai que o desexado e mimado fillo de Adela e Cecilio sexa alimentado por unha muller galega. A parella recorre a unha das moitas axencias que deberon existir para contratar os servizos destas mulleres. Deixemos que sexa o propio autor quen nos describa tan lúgubre lugar:

A Axencia estaba instalada nun edificio escangallado, coas paredes húmidas e un enorme e sombrío patio interior. Nel paseaban as rapazas, tristes e deprimidas, ou armaban faladoiros nos recunchos.

Atende o negocio un homiño nervioso e vehemente que cando os recibe, amósalles unhas cantas rapazas e comenta:

Isto é o que queda. Non é moito, é certo. Recomendolles que agarden a mañá. Espero un novo envío do Norte.

Ao día seguinte, no novo envío, chegou Jacoba, velaí a descrición que fai Delibes:

Era unha muller opulenta e maciza, de bondadoso sorriso e poucas palabras. Fixo unha breve demostración no patio, apuntando á cara dunha das súas compañeiras e debuxando no chan, co chorrío de leite, uns xeroglíficos indescifrables. Ela dixo: «Di: Viva Santiago Apóstolo!

A hipercaracterizada rapaza entra ao servizo da parella por trinta pesos e a mantenza.

Álvaro de Laiglesia¹⁰ describiunos como chegaban estas mulleres á capital:

No mesmo vagón viaxaban moitas amas molladas das provincias norleñas que ían poñer anuncios nos periódicos de Madrid ofrecéndose para iso. –Temos que darnos présa en chegar, non sexa que nos sequemos no camiño –dicían as amas molladas moi nerviosas, tapándose coas súas toucas para que non lles dera o sol no busto.

En ocasións toda esta actividade comercial debeu de resultar especialmente obscena. No XVII promulgouse unha lei que prohibía aleitar a máis de seis cativos a un tempo, a medida pretendía paliar o exceso de traballo ao que se viran abocadas moitas mulleres que pretendían compensar así unha precaria economía familiar.

Chama a nosa atención en todo este tema o contrato de amas de leite galegas nas grandes compañías transoceánicas. Mulleres embarcadas nas viaxes que saían dos portos da Coruña, Vilagarcía de Arousa ou Vigo con destino a Montevideo ou Buenos Aires, para garantir que os pequenos viaxeiros de primeira clase dispuxesen en alta mar dunha alimentación fresca e adecuada.

Outra das caras da moeda ten que ver coa vida licenciosa atribuída a algunhas destas mulleres, acusadas de abandonar aos seus bebés en incluso para dedicarse a vivir amancebadas –a lactación era un excelente método anticonceptivo– durante o tempo que podían sacarlle algún diñeiro ao seu corpo. Cómpre anotar que as amas de cría que mantiñan relacións sexuais estaban moi mal vistas, pois existía a crenza de que tal comportamento corrompía o leite das mulleres.

Parece doado concluír afirmando que, atendendo aos datos expostos, a lactación chegou a converterse nun próspero e turbio negocio que levou a centos de mulleres a abandonar os seus fillos naturais, malcriados nas nosas aldeas grazas ás papas e ao leite de cebra cortado con auga. A necesidade obrigou en moitos casos, en moitos outros a vida regalada que levaban unha vez instaladas nas familias acomodadas das grandes cidades serviu para xustificar todo tipo de atrocidades ■

⁸ Ibidem, páx. 161.

⁹ DELIBES, M.: *Mi idolatrado hijo Sisi*, Barcelona: Destino libro, 1991.

¹⁰ LAIGLESIA, Álvaro de: *El baúl de los cadáveres. Don Bigotes. Novela que pudo ser larga*, *Antología del Humorismo en la Literatura Universal*, Barcelona, Labor, 1961, 2.^a ed.

Mostra Internacional de Cine de Mulleres de Barcelona

ANA ARELLANO

A **Mostra Internacional de Cine de Mulleres de Barcelona** inaugurou o día 11 a súa décimo sétima edición coa proxección ao ar libre do filme turco *A caixa de Pandora*, da directora Yesim Ustaoglu, gañadora da Concha de Ouro da última edición do Festival de San Sebastián.

O festival clausurouse o 21 de xuño coa proxección de *Made in LA* da mexicana afincada en Os Anxos Almudena Carracedo.

A caixa de Pandora é un filme destacado dunha carteleira de medio centenar de títulos do mellor cine feito por mulleres, segundo explicaron as organizadoras da cooperativa de medios audiovisuais Drac Màgic, deles dez en primicia española.

O filme da directora turca, unha coprodución entre Turquía, Francia, Alemaña e Bélxica, é un drama familiar no que se narra o periplo de tres irmáns desde Istambul até unha aldea remota para ir buscar á nai, enferma de Alzheimer.





Plan *Rosebud*, María Ruido, 2008

A catalana Carla Subirana presentou o seu documental creativo *Nedar*, a galega María Ruído proxectou dous dos seus traballos documentais...

Pola súa parte, *Made in LA* está protagonizada por tres emigrantes latinos que denuncian á industria téxtil da marca Forever 21 en reclamación dos seus dereitos laborais.

Ademais, o festival rendeu homenaxe á realizadora francesa de orixe belga Agnès Varda coa estrea de *As praias de Agnès*, o seu último filme.

Entre as estreas figuraron na programación *Home*, o primeiro longo da realizadora franco-suíza Ursula Meier, protagonizado por Isabelle Huppert.

Outra estrea da Mostra é *Les bureaux de Dieu*, de Claire Simon, con actrices coñecidas do cine francés como Nathalie Baye ou Béatrice Dalle, montada a partir das conversacións dun grupo de mulleres nun centro de planificación familiar.

Así mesmo, cineastas como os italianos Angela Ricci Lucchi e Yervant Gianikian presentaron o seu traballo de

tipo documental de recuperación de imaxes de arquivo, próximo á arte exhibida recentemente no MoMA nunha clase maxistral aberta.

Igualmente, a española Gabriela Gutiérrez mostrou o seu documental *Tapólogo*, sobre mulleres surafricanas con VIH, e a iraniana Firouzeh Khosrovani, co seu filme *Rough Cut*, abriu un debate sobre a situación das mulleres en Irán.

A catalana Carla Subirana presentou o seu documental creativo *Nedar*, a galega María Ruído proxectou dous dos seus traballos documentais e o uruguaio Albo Cardozo, afincado en México, exhibiu *Sete intre*, sobre a guerrilla tupamara no Uruguai dos anos setenta.

As proxeccións e actividades paralelas de cuña feminina encheron durante dez días a Filmoteca de Catalunya, o Espai Bonnemaison, o Centre de Cultura Contemporània de Barcelona (CCCCB) e a Casa Àsia ■

Exposicións

Sexualidade(s) e representación das políticas LGTBQ na arte

ANXELA CARAMÉS

«A sexualidade, sabémolo, está en todas partes, en todos os espazos da vida, impregnando a orde simbólica e as súas posibles fisuras». Juan Vicente Aliaga explicaba con estas verbas a motivación que lle levara a organizar unhas xornadas sobre a sexualidade na arte e na literatura.¹ Unha declaración de intencións que lle serviu, oito anos despois, para titular unha exposición,

¹ ALIAGA, Juan Vicente (ed.): *Miradas sobre la sexualidad en el arte y la literatura del siglo XX en Francia y España*, València, Universitat de València e Universitat Politècnica de València, 2001; páx. 7.



Self Nude, Loren Cameron, 2000



Eastern LGBT, Ahlam Shibli



Liberación_herm (detalle), Ins A Kromminga, 2009

que podemos ver no CGAC até finais de setembro, sobre as representacións visuais das diferentes sexualidades LGBTQ nesta sociedade globalizada, teoricamente postcolonial, máis chea de desigualdades, que oscilan entre o dereito dalgúns países europeos ao matrimonio homosexual ata a cárcere, ou incluso a pena de morte en determinados países árabes, simplemente por non ser heterosexual.

A mostra enmárcase dentro da programación da etapa de Manuel Olveira ao fronte do CGAC, nunha liña expositiva interesada en amosar problemáticas de xénero que posibilitou que puidésemos ver e escoitar en Santiago a artistas cruciais no campo das micropolíticas sexuais. «En todas as partes. Políticas da diversidade sexual na arte» xurde xusto no punto onde rematara «A batalla dos xéneros», dedicada ao período xerminal da arte feminista tan só dous anos antes. Abrangue desde o momento de eclosión da liberdade sexual que se viviu durante os anos setenta, e posibilitando así a creación dos primeiros movementos gais elésbicos, até hoxe en día, pero antes facendo especial fincapé na pandemia do VIH que asolou a década dos oitenta, o que propiciou que a homofobia encruase no

mundo occidental e como reacción a aparición de colectivos activistas como Act-Up. De feito, o mesmo Aliaga fora un recoñecido activista e xa se interesara en 1993 polas manifestacións creativas en relación a esta enfermidade en *De amor y rabia: Acerca del arte y el sida*, ensaio escrito xunto a José Miguel G. Cortés.

Desde unha ollada *queer* seleccionou a artistas de diferentes nacionalidades interesadas/os en amosar realidades e modos de vida que a día de hoxe seguen a escandalizar (véxase a absurda polémica xerada en torno ao contido sexualmente explícito da exposición) ou que incluso poden acabar nunha soterrada caza de bruxas a inocentes, como acaba de suceder no desafortunado incidente do recente encarceramento temporal da activista trans compostelá Laura Bugallo, acusada inxustamente de falsificarlle os papeis aos migrantes cos cales traballa tramitando os seus permisos de residencia. Casualidades do destino quixeron que esta detención acontecese unha semana despois da inauguración da mostra, coincidindo coa proxección do vídeo *Asuntos Internos*, de Xoán Anleo e Uqui Permui, no que ela mesma é entrevistada. Actitudes coma estas validan e

Desde unha ollada *queer* seleccionou a artistas de diferentes nacionalidades interesadas/os en amosar realidades e modos de vida que a día de hoxe seguen a escandalizar [...]



Asuntos Internos, Xoán Anleo e Uqui Permui, 2007

Judith Butler, afirma que a revolución que está por vir terá que ser transxénero e interxénero, segundo a súa opinión estas persoas son as que mellor exemplifican a ruptura e a rebeldía ante os roles de xénero tradicionais [...]

corroboran a necesidade, e incluso a urxencia, destas iniciativas pola capacidade de visibilización e reflexión que conlevan. Precisamente se en algo insiste «En todas as partes» é nese valor documental de rescatar os momentos importantes da historia dos movementos da liberación sexual, como a fotografía de Herbert Tobias tomada nunha das primeiras manifestacións do Orgullo Gai, en Nova York, no ano 1979; actualmente unha convocatoria xa fagocitada tanto polas institucións como pola superficialidade festiva de corte apolítico, porén que nos seus inicios significase un empoderamento identitario de gran valor.

As outras seccións da exposición, que ocupa dúas plantas do museo, apuntan á normalización destas formas de sexualidade no mundo occidental *versus* a penalización en países do chamado Terceiro Mundo, aportando nomes practicamente descoñecidos e de gran interese, como o indio Sunil Gupta, o libanés Akram Zaatari ou o iraníano Tariq Alvi, entre outros. Así, flúen os desexos, que superando a seguridade do privado, invaden o espazo público, como os contactos entre homes –o chamado *cruising*– da instalación *Paisajes* presentada por Jesús Martínez Oliva

nos parques de diferentes cidades, a prostitución transexual das autovías venezolanas que recolle Alexander Apóstol ou as historias de flirteo entre mulleres que recrea fotograficamente Carmela García, malia que nesta ocasión as fotos elixidas quizais non sexan as máis representativas do seu traballo por non evidenciar tan claramente o desexo lésbico.

«En todas as partes» insiste na última tese de Judith Butler, cando afirma que a revolución que está por vir terá que ser transxénero e interxénero, xa que segundo a súa opinión estas persoas son as que mellor exemplifican a ruptura e a rebeldía ante os roles de xénero tradicionais –considerados binarios e inamovibles–, polo que poderían dar un novo pulo ao xa máis que manido concepto do *queer*. Pódense ver imaxes de corpos híbridos, en proceso de transformación (M2F ou F2M), ou despois da mesma, a cargo de autores trans como Loren Cameron ou Del LaGrace Volcano, así como un mural –feito especificamente para o CGAC– do artista hermafrodita Ins A Kromminga. E sen modificar o corpo (de xeito hormonal ou cirúrxico) o travestismo de Andy Warhol, MacNamara e Almodóvar, así como as populares *drag queens*, ás veces acusa-

das de perpetuar os valores machistas e patriarcais da feminidade; mascarada sinalada na vídeo-*performance* da artista india Tejal Shah. Neste senso, bótase en falta unha maior presenza do uso consciente e máis crítica da *performatividade* de xénero que motiva aos *drag kings*, comunidades das que o propio Del LaGrace tomou boa conta en traballos anteriores.

Incluso aspectos chocantes como o hirsutismo feminino son tratados por Aliaga. *N.O. Body* é unha instalación audiovisual dos suízos Renate Lorenz e Pauline Boudry na que se recrea a historia real da muller barbuda Annie Jones, contextualizada co material fotográfico que recollera Magnus Hirschfeld nas súas investigacións para o Instituto sexual berlinés de principios do século XX.

Tamén novas formas de relacionarse como parella, de xerar modos alternativos de familia son recollidos nesta exposición, mais de novo teño que recalcar unha notable ausencia. Neste caso refírome a serie fotográfica sobre a comunidade lésbica estadounidense realizada por Catherine Opie, presente aquí a través dun autorretrato co seu fillo adoptado en brazos, a modo de *madonna* con estética *leather*. Do mesmo xei-



Arriba,
Self portrait in Drag,
Andy Warhol, 1979

Á esquerda,
Selfportraitnursing,
Catherine Opie, 2004

to, nesta exposición, aínda centrándose na sexualidade en todas as súas diferentes manifestacións, constato un baleiro respecto ás prácticas sexuais postporno, unha das contribucións máis controvertidas do feminismo *queer*. Se ben Annie Sprinkel –ex actriz porno e actualmente artista e difusora desta liña de creación audiovisual e *performativa*– estivo presente no ciclo de vídeo, nas salas do museo a representación de colectivos, a maioría deles conformados por mulleres, que traballan cos seus propios corpos e coa cámara de vídeo como ferramentas comunicativas para criticar o uso destes pola pornografía comercial, é nula.

Ao igual que acontecera na exposición «Radicais Libres. Experiencias gais elésbicas na arte peninsular», comisa-

riada por Xosé Manuel Buxán Bran no Auditorio de Galicia no 2005, a presenza proporcionalmente bastante menor de lesbianas vén a falar das maiores dificultades que teñen que resolver para atreverse a falar abertamente da súa sexualidade, situación propiciada pola dobre discriminación que sofren. Por isto aínda queda por facer unha auténtica revisión da diversidade sexual tanto das bio como das tecno-mulleres, empregando os conceptos de Beatriz Preciado, por estar, en moitas ocasións, máis oculta e ser aínda máis marxinal que incluso a de homes non occidentais, aínda con todas as trabas que teñen nos seus países de orixe ■

Ao igual que acontecera na exposición «Radicais Libres. Experiencias gais elésbicas na arte peninsular» [...] a presenza menor de lesbianas vén a falar das maiores dificultades que teñen que resolver para atreverse a falar abertamente da súa sexualidade [...]

Exposicións

Ruth Matilda Anderson

Unha mirada de antano

MARÍA SAA

A mediados da década dos anos vinte do século pasado a fotógrafa estadounidense Ruth Matilda Anderson (1893-1983) percorreu Galicia de punta a cabo. Enviábaa a Hispanic Society of America coa encomenda de documentar aquilo que constituía o peculiar e esencial da vida galega. A tarefa non era pequena nin sinxela e, malia contar co apoio da poderosa institución neorriquina para a que traballaba, Anderson tivo que enfrontar non poucas dificultades. Non escatimou esforzos: durante case tres anos, entre 1924 e 1926, fixo centos de quilómetros, visitou ducias de cidades, vilas e aldeas afastadas, arranxouse para aprender o idioma, entrevistouse con persoeiros e con xente da rúa... A súa curiosidade levouna a deterse en case todo canto podemos imaxinar e, como resultado, á fin da súa viaxe tiña reunido un bo feixe de minu-

ciosos apuntamentos e máis de cinco mil fotografías.

O que non fixo foron retratos de estudio nin fermosas vistas urbanas, tampouco era o patrimonio artístico o que máis lle interesaba, senón a cultura popular. A principal protagonista das súas fotografías é a xente e, sobre todo, a xente humilde do rural: como son, onde viven, que comen, como visten, con que ferramentas traballan... Moveuna sempre a procura da autenticidade e, aínda que o seu traballo tiña como obxectivo explícito o enxebre, Anderson non caeu no tipismo nin na idealización. As fotografías que fixo constitúen valiosos documentos para a nosa historia e, ao mesmo tempo, non deixan de reflectir a mirada persoal da autora, unha observadora ben atenta.

Este traballo prodixioso, que hoxe en día fica coidadosamente gardado

nos arquivos da Hispanic Society of America, é, porén, case descoñecido fóra do círculo dos especialistas en etnografía ou en historia da fotografía. Á parte da pequena exposición e o catálogo que lle dedicou hai uns dez anos o Centro Galego das Artes da Imaxe, non tiñamos coñecemento de ningunha outra iniciativa que dese a coñecer o labor de Anderson en Galicia ata agora. Durante todo este verán pódese visitar na sala de Caixa Galicia en Lugo a exposición «Ruth Matilda Anderson. Unha mirada de antano», a primeira dunha serie que a caixa vai dedicar á fotógrafa. A seguinte será en outono na Coruña e a esta seguirán outras en varias cidades galegas ao longo do ano que vén. Unha boa oportunidade de nos asomar a un mundo afastado no tempo, pero que resulta estrañamente próximo ■





O obradoiro de peletería de **Mari**

ANNA AMORÓS I PONS

Nunha pequena aldea da Galiza profunda, San Miguel de Vilantime, naceu na primavera do ano 1952 María Concepción (Mari para os seus achegados), sendo a filla primoxénita de oito irmáns que tivo o matrimonio composto por Teresa e Pepe. Sendo aínda unha rapaciña a vida xogoulle unha mala pasada e tres dos seus irmanciños morreron au pouco de nacer. Esta muller, de corpo miúdo, loura, de pel de porcelana, ollos azuis e intensa mirada tan só foi á escola ata preto de cumprir os 14 anos, ao colexio de monxas La Grande Obra de Atocha en Arzúa:

Cando acabei a escola a miña nai mandoume a aprender costura [...] Naquel entón todas as nais facían o mesmo coas súas fillas! [...] e así comecei a aprender costura primeiro con Enriqueta e logo cunha modista moi boa de Arzúa, a Sra. Anuncia [...], a verdade é que notei que me gustaba moito e, sobre todo, faciame ilusión ir os seráns a aprender todas esas cousas [...].

Pero, apenas cumpridos os 14 anos a súa familia trasladouse a Pontealema. Mari, ademais de axudar a súa nai nas tarefas da casa e da granxa, traballaba cos seus irmáns no muíño e no tempo libre dedicábase a coser para os seus:

A miña familia instalouse a vivir nun muíño de fariña [...], así que pasamos nun *pispás* de labregos a muiñeiros [...] como eramos moitos, pasabamos necesidades! [...] e ao ser a maior tiven que emigrar [...].

Con tan só 19 anos, alá polo ano 1972, marchou a traballar a Bilbao:

Sabía que tiña que traballar en todo o que saíra porque había que mandar cartos aos meus [...], pero dentro de min quería ir facer o que máis me gustaba, coser [...]. Antes de marchar o meu pai, e sei que cun grande esforzo, mercoume no Establecemento de Mercedes de Raposo de Arzúa unha máquina de coser, unha Refrey, cun precioso moble de madeira [...], aínda lembro que pa-

gou por ela 13.000 pesetas das de entón! [...] Así que carguei no maleteiro do autobús o moble, iso si, ben empaquetadiño para que non se me estragase. [...] Recordo que o día que marchei era a Festividade de San Froilán.

No País Vasco, Mari instalouse a vivir en Altamira. Primeiro traballou servindo nas casas, despois nunha leitería, pero, por fin, cumpríronse os seus desexos:

Foi en Basurto cando comecei a coser nunha xastrería [...] e, máis tarde, en Bilbao en Confecciones Lage, Alta Costura.

Estando alí coñeceu a José Ramón, un galego tamén emigrante que traballaba como carpinteiro de formigón para a construción. Fixéronse noivos e aproveitando as vacacións de verán de 1975 casaron en Galiza:

Entón, tiña 23 anos [...] e vin cargadiña na maleta co vestido de noiva. [...] Agora vénme á memoria que o merquei na primeira *boutique* que abriu Pronovias en Bilbao [...] e custoume 18.000 pesetas, só o vestido! [...] como gastei tanto diñeiro, fíxenme o segundo traxe eu [...] bastante atrevido para a época!, era longo ata os pés, rosa e atado no colo coas costas todas ao aire [...].

Despois da voda regresaron de novo a Bilbao:

Estivemos nove anos máis alí e nese tempo naceron os meus tres fillos, Xavier, Álvaro e Sergio no Hospital Militar de Basurto [...] e aínda cos nenos pequeniños continuei cosendo...

Neste momento, cunha expresión de tristeza nos ollos, coméntanos que a vida aínda lle tiña reservada unha nova mala pasada.

Foi moi triste para min a morte do meu segundo fillo, cando tan só tiña 6 anos, [...] creo que é o peor que lle pode pasar a unha nai!

No ano 1984, Mari e José Ramón regresaron definitivamente a Galiza e instaláronse en Camporrapado. Mentres José Ramón abriu un obradoiro de ferraxería, Mari dedicábase á costura na casa e traballaba para Confecciones Portos de Santiago:

Facía arranxos e encargos de roupa [...], pero era unha época con moito paro e moitas mulleres das aldeas dedicámonos a coser nas casas para as tendas e *boutiques* da cidade [...]. Pagaban

pouco e era moito o traballo e a competencia [...], así que decidín dedicarme á confección de peletería, porque dentro da costura é un ámbito profesional máis reducido, naquel entón ía dirixido a un tipo de clientela máis selecta e podía facer máis cartos facendo o mesmo [...].

Cara a 1987 Mari xa tiña montado o seu obradoiro de peletería na súa propia casa empregando ademais a dúas costureiras:

Era tanto o traballo que había na pel que facíamos todo!, arranxos, deseño, patronaxe, costura [...]. Viaxaba a Madrid todos os anos polo mes de febreiro á feira Juan Carlos I para ver as novas tendencias de moda en pel, para contactar cos provedores, para mercar o mellor xénero [...] A verdade é que nunca pensei que o primeiro desgusto profesional que tiven me levaría anos despois ao que agora é a miña vocación!...

E neste intre, e entre sorrisos, Mari cóntanos a seguinte anécdota...

Traballando en Bilbao, unha señora que era galega tróuxome un pescozo de pel para arranxar [...], eu quería que quedase moi lisiño así que paseille o ferro [...], miña madriña que estrago fixen..., quedou feito unha pasa, todo engurrado como un acordeón! [...] Eu non sabía que facer e arranxeino como puiden, pero quedou ben encollido [...] naquel momento pensei que nunca na vida traballaría coa pel [...].

No ano 2007, Mari decidiu ampliar o negocio e trasladou á cidade o seu obradoiro de peletería, abrindo en Santiago, na rúa da Rosa, unha *boutique*:

Penseino moito, porque é moito risco [...], pero é que case todas as miñas clientas viven aquí [...]. Na moda da peletería hai todo tipo de clientas [...], hainas que veñen ata coa revista (referíndose ás revistas do corazón) na man, mostrándoches o modelo que levan as personaxes famosas do papel *cuché* para que lles fagas un igual, e sempre che din o mesmo, «fáime este mesmo deseño para que me faga igual de moza» [...], e eu sempre lles contesto, «pero muller que elas antes de poñerse as peles levaron a súa propia ao cirurxián».

Mari, desde a necesidade, soubo encontrar a súa profesión. Hoxe, para ela a súa maior gratificación é ver aos seus ben, que o negocio vaia tamén ben e gozar co sorriso das súas dúas netiñas, Alba e Ana ■

Libros



Coraxe de Marías. Tres mulleres galegas de armas tomar

DOMÍNGUEZ TOURIÑO, Guillermina
e FELICIA ESTÉVEZ SALAZAR:
Tres mulleres galegas de armas tomar:
María Balteira, María Castaña,
María Soliña,
A Coruña, Baía, 2009.

LAURA GÓMEZ LORENZO

Saudamos con pracer a recente aparición deste traballo sobre tres das nosas valorosas devanceiras: María Peres, a Balteira, orixinaria de Betanzos que viviu no século XIII; María Castaña ou Maricastaña, prototipo das mulleres nas revoltas do Lugo do século XIV; e María Soliña, Cangas, século XVII. As tres ousaron desafiar e rebelarse contra as estritas regras de comportamento que para seren *boas mulleres* rexían nas súas –con moi poucos cambios no correr dos séculos– respectivas épocas.

As autoras, docentes de Historia e Lingua e Literatura Galegas respectivamente, expresan na introdución o propósito divulgativo deste traballo –«facer algo que chegue ás rúas, ás escolas, ás novas xeracións de rapazas e rapaces»– reinterpretando a versión androcéntrica con que estas figuras pasaron á historia. De longa traxectoria feminista, ambas as dúas son, xa de vello, colaboradoras desta publicación e Felicia, ademais, formou parte do consello de redacción de *Andaina* durante anos. Por suposto, reivindicán a coraxe das mulleres *de armas tomar*, respecto das que se recoñecen debedoras: «Ben é

verdade que sen *mulleres de armas tomar*, moitas de nós non teriamos chegado a medrar nas condicións en que o fixemos e o noso vagar tería sido moito máis penoso. En aras de poder facer unha pequena homenaxe ás mulleres en xeral e a estas en particular polas súas circunstancias máis coñecidas popularmente, foi polo que nos decidimos a emprender tamaña empresa, nada doada, por certo».

Explican que non pretenderon «facer historia ‘compensatoria’ falando destas tres mulleres concretas, senón reivindicar a visibilidade das mulleres no devir histórico» a partir do estudo das tres figuras.

Sen dúbida é de agradecerlles a tarefa «nada doada» de rastrexar e recopilar as escasas pasaxes e fontes –tanto históricas como literarias–, polas que seguir as pegadas destas Marías. Aínda máis importante resulta, ao meu parecer, o traballo de contextualización histórica e especialmente a revisión crítica da *autoridade* das fontes citadas.

Parabéns as amigas Guillermina e Felicia polo traballo realizado e tamén a editorial por inciativas tan necesarias coma esta ■



Homosexualidade e familia

LÓPEZ SÁNCHEZ, Félix: *Homosexualidad y familia: Lo que los padres, madres, homosexuales y profesionales deben saber y hacer*, Barcelona, Graó, 2006.

NS

Se cres que a pregunta acaída a un fillo, un alumno ou un paciente é se ten moza e nunca se che ocorreu pensar que igual ten mozo –ou lle gustan os mozos– ou de igual xeito a unha rapaza dás por feito que lle gustan os rapaces e que non desexa a rapazas... se isto é así, o libro estache especialmente indicado. Está agardando por ti e ti deberías pensar que precisas algunhas lecturas e algunhas limpezas internas.

É estupendo este libro de 166 páxinas que xa nos indica no subtítulo de que vai, que quere e pretende facer.

Na introdución Félix López dános dúas razóns para escribir un libro como este:

Por fin é posible escribir un libro sobre este tema. Por moitos anos, até antonte, coma quen di, non se podía falar de homosexualidade. Ser homosexual considerábase perigoso. Catalogado como patoloxía ou desviación sexual. A ignorancia, o silencio, os tabús impedían a investigación e as publicacións sobre homosexualidade e isto hai que telo en conta porque moitas, moitísimas persoas foron educadas nestas ideas erróneas e perversas..., ideas e crenzas que lles poden crear dificultades cando se encontran cun fillo ou neta homosexual.

A segunda razón que esgrime para escribir este libro, a homosexualidade segue sendo, hoxe, moi debatida. Demasiadas persoas seguen ancoradas en pensamentos e sentimentos sexofóbicos (non só atinxen ás ideas e aos pensamentos, tamén xeitos de sentir, de medo irracional á homosexualidade) que lles leva a non aceptar a fill@s, net@s, amig@s, veciñ@s, compañeir@s... homosexuais.

Persoas e sobre todo institucións tan poderosas como a Igrexa católica que seguen tendo baixo sospeita á homosexualidade.

Dous son os grupos de persoas nos que pensa á hora de escribir o libro: os pais e nais con fillos homosexuais ou lesbianas e as propias persoas homosexuais, coa pretensión de que unhas e outros se sintan seguros da *normalidade* da cousa. Que as persoas homosexuais se sintan ben consigo, saiban comunicar á familia, amizades e a quen queiran o que senten, viven e son, para que saiban resolver as súas necesidades de intimidade sexual e afecto.

Que os fillos ou fillas homosexuais teñan que gardar silencio ou non sexan ben aceptados polos pais debería ser considerado unha forma grave de maltrato adolescente e xuvenil, algo que

non contempla a nosa lexislación sobre as formas de maltrato.

A familia é un factor protector moi importante, a condición de que acepte e trate acáidamente aos seus fillos homosexuais e lesbianas.

No libro un amplo índice nos achega ao que os pais deben saber, o que non deben facer e o que si deben facer. Ten unha estrutura –mesmo no deseño– clara e fácil, incluíndo vocabulario para manexar ben as palabras e fragmentos de relatos de vida útiles para coñecer os sufrimentos e para achegarnos e comprender.

O que serve para nais e pais é igualmente útil para educadores, formadores e outros profesionais (psicólogos, psiquiatras, traballadores sociais, médicos de familia, etc.). Tamén para homosexuais e lesbianas.

Coñecer axúdanos a cambiar ideas e controlar actitudes homo ou bifóbicas. Axúdanos tamén a non dar por suposto que sempre mozos e mozas e adolescentes son heterosexuais, que a

diversidade humana inclúe a diversidade sexual e que vai sendo tempo de que aceptemos que isto é así e que xa está ben de que contribuíamos coas nosas inercias, prexuízos e o non cuestionamento da educación recibida ao sufrimento doutros seres humanos na nosa familia, veciñanza, centros escolares...

Os datos que temos de violencia homofóbica nos centros escolares son un indicador dos prexuízos e as ideas rancias e os medos que aínda funcionan entre adolescentes e mocidade.

A Federación Estatal de Lesbianas, Gais, Bisexuais e Transexuais (FELGBT) denunciou nun encontro co Defensor do Pobo a finais do mes de abril que o 30% dos mozos varóns recoñece ter cometido accións homofóbicas segundo unha enquisa feita en centros educativos públicos.

Tamén segundo estas fontes, un 56% dos mozos homosexuais sufriron nos centros escolares algún tipo de violen-

cia por ser homosexuais e un 22% no seo da súas familias.

Este libro debería estar en todos os centros escolares e debería formar parte dos plan de acción tutorial, das ideas sobre o coñecemento do medio, dos cambios sociais dos últimos anos, da diversidade humana e do respecto dos dereitos humanos e desa educación sexual da que se fala en leis, proclamas e declaracións e que segue a ser unha materia pendente.

Este libro debería ser, tamén, materia obrigada para pais e nais que, non sei por que, creen que os seus fillos e fillas nunca forman parte do batallón de gais e lesbianas, bisexuais ou transexuais que no mundo hai ■

PUBLICIDADE

BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

andaina

revista galega de pensamento feminista

Nome Apellidos

Enderezo Localidade

..... Código Postal

Desexo subscribirme á Revista **Andaina** a partir do nº

Prezo: *Tarifa normal* 15 € ano *Tarifa de apoio* 16 € ano

Envío talón. Pago en efectivo Data

Transferencia bancaria á cta. de **Andaina** Bco/Caixa

(Caixa Galicia CCC: 20910377743040003301) Oficina

Domiciliación bancaria (cubrir os datos adxuntos e enviar a: Revista **Andaina**, apdo. 1058 de Santiago) Localidade

Agradeceríelles que a partir des ta data atendan con cargo a miña conta Nº CCC:

Entidade Oficina

Dc..... Nº de conta

Os recibos presentados pola revista **Andaina**.
Atentamente:

Nome Apellidos

Sinatura do/a titular da conta:

..... PODES ATOPAR O BOLETÍN EN www.andainamulleres.org



anda!na

revista galega de pensamento feminista

PUNTOS DE VENDA

A Coruña

Librería Couceiro
Praza do Libro, 12

Librería Xiada
Avd. de Fisterra, 76-78

Librería Lume
Rúa Fernando Macías

Pontevedra

Librería Michelena
Rúa Michelena, 22

Librería Paz
Peregrina, 29

Santiago

Librería Couceiro. Rúa do Hórreo, 9

Librería Pedreira
Rúa do Home Santo, 55

Baba. Área Central

Ártico. Rúa do Vilar, 49

Lugo

Librería Trama
Avd. da Coruña, 21 (galerías)

Ourense

Livraria Torga. Rúa da Paz, 12

Servicio de Asesoramento das Mulleres

■ CONCELLERÍA DA MULLER ■

Para a atención específica dos problemas que afectan ás mulleres o Concello de Santiago pon a súa disposición o Servicio de Asesoramento das Mulleres


Para asesorarte nas túas dúbidas e buscar unha solución ós teus problemas familiares, laborais, xurídicos e sociais.

Estamos a túa disposición na Praza da Constitución s/n.

■ **Horario de atención ó público**

Tódolos días de 10 a 14 h.

Teléfono: 981 57 14 61



CONCELLO DE SANTIAGO

Concellería da Muller

O domingo, 10 de maio golpeounos a noticia do pasamento desta muller que por méritos propios se tiña convertido no símbolo do movemento indíxena ecuatoriano. Mamá Tránsito, como era coñecida familiarmente, nacera nos páramos da faldra do volcán Cayambé, a uns cincuenta quilómetros ao norte de Quito. Fillá dunha familia de empregados dunha facenda, creceu observando os abusos aos que eran sometidos as traballadoras e traballadores indios do campo ecuatoriano.

Tránsito Amaguaña

Consciente de que o seu mundo debía cambiar, aos 21 anos abandonou ao seu home e iniciou unha vida dedicada a reclamar con vehemencia os dereitos das mulleres e da comunidade indíxena. Nos anos trinta participou en máis de vinte e cinco marchas a pé até a capital ecuatoriana para esixir terras e dereitos para os traballadores dos latifundios, naquela altura considerados propiedade dos facendados que dispuñan das súas vidas e pertenzas con total impunidade.

A xa líder dos indíxenas e das mulleres nunca se dobregou. En 1931 organizou xunto a Dolores Cacuango a primeira folga de traballadores agrícolas. En 1944 fundou a Federación Ecuatoriana de Indios (FEI), legalizada dous anos despois. Durante anos defendeu a necesidade do cooperativismo agrario como única canle segura de presión ao Estado para que entregase terra aos indios.

Militante do Partido Comunista, en 1945 fundou sen apoio goberamental catro escolas interculturais e bilingües (quechua-español), confirmando con decisión e valentía o seu apoio á cultura indíxena. Detida en numerosas ocasións, nos anos sesenta foi acusada de recibir diñeiro e armas rusas para promover a revolución no seu país.

Case centenaria, co rostro curtido, a pel engurrada e a boca case sen dentes, cubría o seu longo cabelo branco cun chapeu escuro e envolvía o seu corpo en teas de cores. Sempre digna, orgullosa e rebelde, faleceu esta pioneira no reclamo dos dereitos colectivos.



Para saber máis:

MIÑO GRIJALVA, Cecilia: *Tránsito Amaguaña, heroína india*, Banco Central del Ecuador, volume IV, colección Biografías ecuatorianas.

http://www.tvecuador.com/index.php?option=com_reportajes&id=1049&view=showcanal

http://www.elnuevoempresario.com/noticia_7979_muere-transito-amaguana-la-luz-de-su-vida-se-apaga-hoy-sin-embargo-su-legado-siempre-vivira.php